Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007

06-07

ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA



Estudo da Inserción Laboral dos Titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007

Colabora:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Formación e Colocación

ACSUG
AXENCIA para a CALIDADE do SISTEMA UNIVERSITARIO de GALICIA

Edita:
Axencia para a Calidade do
Sistema Universitario de Galicia (ACSUG)

Rúa Lamas de Abade, s/n
CIFP Compostela 5ª planta
15702 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 534 173 – Fax: 981 534 174
Correo electrónico: acsug@acsug.es
Páxina web: www.acsug.es

Revisión Lingüística:
Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña

ISBN: 978-84-614-0575-6
Depósito legal: C. 1013-2010

Este documento é propiedade da ACSUG. Está permitida a reprodución total ou parcial do documento sempre que se cite o seu título e a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia como editora.

ACSUG é membro de pleno dereito de ENQA

ER-0291/2009 GA-2009/0173

A ACSUG ten implantado un Sistema de Xestión da Calidade e do Medio Ambiente certificado por AENOR o 13/03/2009 segundo as Normas ISO 9001:2008 e ISO 14001:2008.

Índice

06-07

Índice

1. Presentación 9

2. Introdución 15
Obxectivos xerais 18
Obxectivos específicos 19

3. Datos técnicos do estudo 23
Poboación 23
Ámbito do estudo 23
Unidade de mostraxe / Unidade informante 24
Deseño da mostra 24
Recollida de información 24
Realización do traballo de campo 24

4. Descritiva da poboación 27
Distribución da mostra por sexo 27
Nivel de estudos dos pais 27
Titulación cursada como primeira opción 30
Anos a maiores empregados na titulación 31
Nota media do expediente 33

5. Formación. Estadía na universidade 37
Outros estudos rematados 37
Estudos de posgrao rematados 39
A estadía na universidade 41

6. Acceso ao emprego 53
Busca de emprego 54
A contratación 64

7. Situación actual 71
Contratos e empresas 79
Salario 88
O posto de traballo en relación coa titulación acadada 90
Competencias requiridas no traballo actual 105
Valoración final da traxectoria universitaria 109

8. Conclusións 115

9. Anexo I. Comparativa con estudos anteriores 119
Estuda, traballa, oposita 119
Tipoloxía do contrato 121
Tempo en atopar emprego, contratos e empresas 121
Salario 123
Formación 124
Itinerario académico 125

10. Anexo II. Cuestionario 129

11. Anexo III. Distribución por ramas de coñecemento 141

12. Anexo IV. Referencias e bibliografía complementaria 147

13. Grupo de traballo 151

I.

Presentación

06-07

1. Presentación

Continuando na liña das anteriores publicacións de inserción laboral realizadas pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, e para min unha honra presentar o quinto estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia correspondente ao curso académico 2006-2007.

Na actualidade, as universidades do Sistema Universitario de Galicia atópanse no proceso de adaptación ao Espacio Europeo de Educación Superior e segundo figura no Real Decreto 1393/2007 "a nova estrutura organizativa das ensinanzas universitarias incrementará a empregabilidade", poñendo de manifesto o compromiso e a responsabilidade que adquiren as universidades en termos de "empregabilidade". Este feito, resalta a necesidade da realización de estudos de inserción laboral aos titulados universitarios que permitan coñecer como se produce esa integración no mundo laboral, coñecendo a realidade existente entre a formación adquirida na universidade e a formación demandada no mundo laboral.

Unha das misións fundamentais da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e contribuír á mellora da calidade do Sistema Universitario de Galicia, servindo de soporte constante de recollida e canalización de información entre as universidades galegas, outras institucións e axentes sociais, de modo que contribúe a que o SUG se manteña permanentemente actualizado e adaptado ás necesidades sociais cambiantes. Neste sentido os resultados obtidos nesta publicación proporcionan información sobre os aspectos relacionados coa transición da educación universitaria ó mercado laboral, vías de busca de emprego, factores valorados na contratación, tempo en atopar emprego, tipo de contrato e as competencias máis requiridas no emprego.

Quero recoñecer a inestimable axuda de todas as persoas que contribuíron coas súas aportacións a facer realidade esta publicación.

M.ª Patrocinio Morrondo Pelayo
Presidenta do Consello de Dirección da ACSUG

A ACSUG cumplindo a súa misión de servir de fluxo constante de información entre a universidade e a sociedade presenta a seguinte publicación: "Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007". Este volume ocupa o quinto lugar dunha serie de publicacións referidas á inserción laboral que ven realizando a ACSUG desde o ano 2004, no marco dun proxecto xeral de seguimento da situación laboral dos titulados no SUG.

O principal obxectivo deste estudo é proporcionar información sobre a situación laboral dos titulados universitarios, aproximadamente ano e medio despois de rematar a súa titulación. Neste caso, non só se pretende dar información de cómo se produce esa integración no mercado laboral, senón que tamén se estuda a satisfacción dos titulados no seu paso pola universidade, valorando aspectos tales como a formación recibida tanto teórica como práctica, as prácticas realizadas en empresas e outros aspectos que permiten ás universidades plantexar as súas estratexias de mellora na planificación das ensinanzas.

Con respecto ao mercado laboral, as temáticas estudadas poden estruturarse principalmente en dous apartados: o acceso ao emprego e a situación laboral actual. No primeiro apartado estúdase sobre todo cómo se produce esa integración no mercado laboral, cales son as vías para acceder a ese emprego, os factores máis valorados na contratación e o tempo en atopar o primeiro emprego. Posteriormente, no seguinte apartado, analízase a situación actual, estudando a situación contractual, o salario e as competencias requeridas no desenvolvemento do posto de traballo, entre outros ítems.

O cuestionario empregado neste estudo coincide exactamente co do anterior, feito que permite facer análises comparativos. É así como, por primeira vez, presentamos unha comparativa con estudos anteriores onde se aprecia a evolución experimentada polos titulados en ítems tales como o traballo, a continuación de estudos, a preparación de oposicións, tipoloxía de contrato, tempo en atopar o primeiro emprego, salario e formación.

Agardamos que esta publicación sirva de orientación aos futuros graduados, e mesmo aos futuros estudantes universitarios, así como de información para as universidades e a administración e para a empresa e o mundo laboral en xeral.

José Eduardo López Pereira
Director da ACSUG

2. Introdución

2. Introdución

Cando a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) puxo en marcha os proxectos de inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia, un dos principais obxectivos era proporcionar información sobre a empregabilidade dos titulados e obter unha retrospectiva do seu paso pola universidade para poder deste xeito facer unha adaptación máis efectiva do mapa de titulacións do Sistema Universitario de Galicia (SUG) dentro do Espazo Europeo de Educación Superior (EEES).

Coa maioría das titulacións do SUG xa adaptadas ao EEES, prevese que o vindeiro curso 2010-2011 xa estean todas as titulacións e, sen ter aínda as primeiras promocións de graduados no mercado de traballo, o valor engadido dos estudos de inserción laboral atópase na contribución que poden facer a entender a situación das nosas universidades no tocante ao desenvolvemento da súa *terceira misión*, en relación coa economía e a sociedade que as rodea.

Nestes primeiros anos do século XXI, inmersos na sociedade do coñecemento, faise precisa unha revisión do papel que xoga a universidade no progreso do seu contorno. Unha sociedade do coñecemento é aquela que crea, comparte e utiliza o coñecemento para a prosperidade e o benestar dos seus membros, polo que a construción dunha Europa do coñecemento nos vindeiros anos non se entende posible sen a implicación directa da universidade na creación e transferencia de coñecemento á sociedade.

Ademais dos eixes clásicos de actividade da universidade, a docencia e a investigación, a inmersión na sociedade do coñecemento fai que a universidade sexa un axente fundamental na construción desta, dando lugar á denominada *terceira misión*, cuxo alcance abrangue o emprendemento, a innovación e o compromiso social.

A European University Association (EUA) no seu proxecto Trends V confirma que as institucións de educación superior en Europa, e dentro delas as universidades do SUG, son conscientes da responsabilidade de fusionarse no EEES, polo que tanto as propias institucións universitarias coma os distintos

gobernos nacionais e autonómicos veñen levando a cabo as accións necesarias, incluíndo os cambios lexislativos oportunos, para que a construción do EEES se realice con garantía de éxito. Tamén neste mesmo proxecto se recolleu información sobre como a Área de Educación Superior e Investigación, EHERA[1], se vén conformando e desenvolvendo en Europa. As conclusións derivadas non só dan resposta ao estado de implantación do Proceso de Boloña para a creación do EEES, senón que tamén se centran na creación do EHERA, co que se pretende unha unificación máis aló do ámbito docente, tendo en conta a actividade investigadora e de transferencia da universidade.

Ademais, a empregabilidade dos titulados amósase como unha prioridade na reforma curricular en todos os niveis educativos superiores, sen distinción de fronteiras. Con todo, a realidade é que desde as institucións universitarias queda aínda moito por facer para dispor dos mecanismos que traten a inserción laboral dos titulados coa atención merecida. O contexto de crise económica en que nos atopamos fai, se cabe, máis urxente a implementación de mecanismos dentro da universidade para o asesoramento e apoio ao emprego e ao emprendemento. Resulta en certo termo paradoxal que a reforma do EEES estivese en parte inspirada pola consciencia sobre a responsabilidade da educación superior nas necesidades da sociedade e do mercado de traballo e que, neste momento, co EEES xa case totalmente conformado, aínda sexa necesario estreitar o diálogo con empregadores e axentes sociais, o que sen dúbida requirirá un cambio de cultura dentro dalgunhas institucións.

Por outra banda, a implicación non sempre activa da universidade no contorno socioeconómico constitúe unha barreira á hora de transmitir os cambios que se están a producir, xerando confusión e arraigando ideas preconcibidas sobre o obxectivo final do EEES, chegando incluso a despoxar a educación universitaria do seu valor engadido e facendo que posibles alumnos universitarios se decanten por unha formación con orientación eminentemente práctica, a que se lle asocia unha alta taxa de empregabilidade inmediatamente despois dos estudos, como é a formación profesional.

A Fundación CYD (Conocimiento y Desarrollo), no seu barómetro do ano 2008 sobre o papel da universidade en España, fai unha diagnose do estado actual de desenvolvemento dunha serie de dimensións dentro da *terceira misión* da universidade, atendendo á formación e inserción laboral e á transferencia da tecnoloxía, ademais doutros aspectos máis xerais. Dentro do marco xeral da relación da universidade coa sociedade e a economía, a falta dunha adecuada organización da universidade para actuar como motor

1 European Higher Education and Research Area.

do desenvolvemento económico apúntase como un dos problemas para o establecemento de relacións. Para construír o EEES e o EHERA non só é preciso un cambio de cultura dentro das institucións universitarias, senón tamén un cambio organizativo que permita que a relación cos axentes económicos e sociais sexa máis fluída e dinámica.

Un dos aspectos que hai que ter en conta é o papel da formación universitaria como garantía de obtención de competencias e aptitudes tales como formación práctica, habilidades directivas, traballo en equipo, coñecemento de idiomas ou capacidade de análise. Neste contexto, unha correcta implementación do EEES, onde os títulos tanto de grao como de mestrado posúen un deseño baseado en competencias, debería dar solución aos problemas detectados polos empregadores. No novo contexto do EEES, a formación en competencias é o eixe central da educación universitaria, onde estas competencias se constrúen sobre contidos teóricos, e se potencian a través de actividades interactivas e prácticas, dentro e fóra do ámbito universitario.

A promoción das actitudes emprendedoras de estudantes e profesores é outra das tarefas pendentes da universidade, entendendo por emprendedor/a aquela persoa capaz de identificar oportunidades e de organizar os recursos necesarios para poñer en marcha un proxecto. Con todo, o problema do emprendemento en España non se reduce só ao ámbito universitario, xa que o número de emprendedores españois atópase aínda por detrás da maioría dos países do contorno e a presenza de mulleres é menor que no total de ocupados (Capital Humano. Xuño 2009). Aínda que entre 1977 e 2007, o capital humano dos emprendedores se incrementou un 143%, e a porcentaxe de autoempregados medrou un 152%, a formación dos emprendedores españois segue estando por debaixo da media da Unión Europea, aínda que a distancia diminúe paulatinamente.

Finalmente, non se debe esquecer outro dos principais retos do EEES, estreitamente ligado á transferencia de coñecemento: a aprendizaxe ou formación ao longo da vida (*lifelong learning*). A educación continuada de titulados cualificados, co obxectivo de actualizar os seus coñecementos cando xa están dentro do mercado de traballo, debe ser tamén obxecto de atención desde as institucións universitarias. Aínda que a maioría das universidades perciben a formación ao longo da vida como unha prioridade emerxente, son poucas as que establecen liñas de acción estratéxica para considerar dentro da súa misión este obxectivo. A universidade debe avaliar a súa capacidade para dar resposta a esta demanda, o que implica unha maior flexibilidade na oferta formativa e na mobilidade, así como un diálogo activo cos empregadores para adecuar os cursos ofertados neste ámbito educativo ás súas necesidades.

Obxectivos do Estudo de Inserción Laboral 2006-2007 (PIL0607)

Obxectivos xerais

O obxectivo deste estudo é coñecer a situación laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia (SUG), así como os diversos aspectos do proceso de inserción laboral (acceso ao mercado de traballo), describindo os factores que configuran os comportamentos, actitudes e percepcións dos titulados e explorando as variables que poidan explicar as diferenzas entre eles.

Os estudos desta clase derívanse do interese da sociedade por realizar un seguimento dos estudantes unha vez rematada a súa titulación. Deste xeito, preténdese valorar a influencia do ensino universitario no proceso de inserción e aproveitar, por parte das universidades, a información obtida para axeitar a oferta educativa e formativa ás necesidades do mercado laboral, cando menos de xeito parcial ou aproximado.

Ademais, os resultados obtidos veñen sendo utilizados polas distintas titulacións do SUG para a adaptación ao EEES. Para levar a cabo esta adaptación, é preciso superar un proceso de verificación do título, en que se debe incluír información sobre a inserción laboral dos titulados na titulación que se vai adaptar. Así pois, estes estudos contribúen a unha toma de decisión máis baseada na evidencia e menos en especulacións e xuízos a priori, por parte dos diversos axentes involucrados no sistema universitario.

Por outra banda, nos Sistemas de Garantía Interna de Calidade de cada centro de educación superior recóllese a existencia de procedementos de análise da inserción laboral dos titulados e da satisfacción coa formación recibida, para o cal é preciso ter información da percepción dos titulados sobre formación e universidade e sobre os puntos fortes e puntos febles da facultade ou escola en que realizaron os seus estudos, así como as necesidades de formación adicional.

Obxectivos específicos

Os obxectivos específicos que se pretenden analizar con este estudo PIL0607 son:

- A percepción dos titulados sobre formación e universidade:
  - Realización e utilidade das prácticas en empresas durante a titulación
  - Consideracións sobre o plan de estudos e o desenvolvemento das materias
  - Titulacións rematadas e motivos para continuar estudos
  - Repetición do itinerario académico

- As características do proceso de busca de emprego:
  - Busca de traballo
  - Tempo en atopar emprego
  - Grao de uso das distintas vías de busca de emprego e a súa eficiencia
  - Vía propiciatoria do primeiro emprego
  - Rexeitamento de ofertas de traballo
  - Número de contratos e empresas

- A situación do mercado de traballo dos titulados no SUG e as condicións laborais dos titulados, co fin de obter unha idea precisa nos seguintes aspectos:
  - A capacidade do mercado de traballo para a absorción dos titulados universitarios
  - A importancia dos distintos factores para a obtención dun emprego (variables de maior importancia nos procesos de contratación)
  - As competencias, coñecementos e aptitudes necesarios para o desempeño do seu traballo
  - As condicións laborais (salario medio, tipo de contrato, lugar de traballo, tipo de empresa…) no traballo actual
  - O grao de satisfacción co seu emprego e o cumprimento das expectativas xeradas nos seus estudos

3.

Datos técnicos do estudo

06-07

3. Datos técnicos do estudo

Poboación

A poboación de interese está constituída polos titulados no SUG durante o curso académico 2006-2007, continuando na liña dos estudos anteriores levados a cabo pola ACSUG.

Táboa 1. Titulados no SUG no curso académico 2006-2007. Tamaños de poboación e mostra

Universidade	Poboación	Mostra
A Coruña	2.639	1.192
Santiago de Compostela	3.513	1.904
Vigo	2.537	1.473
TOTAL	**8.689**	**4.569**

Igual que nos estudos xa publicados pola ACSUG (Proxecto de inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001 (PIL 1996-2001), Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003 (PIL 2001-2003), Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005 (PIL 2003-2005) e Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006 (PIL 2005-2006)), considéranse as seguintes ramas de coñecemento: Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas (I, II, III e IV) e Artes e Humanidades (I e II). As titulacións correspondentes a cada unha das ramas pódese consultar no anexo III.

Ámbito do estudo

O universo ou poboación de interese non pertence a un ámbito xeográfico nun sentido estrito, dado que os titulados no SUG non teñen porque ser necesariamente residentes en Galicia.

Unidade de mostraxe / Unidade informante

A unidade de mostraxe e a unidade informante son a mesma: cada un dos titulados no SUG durante o curso académico 2006-2007. A estes accedeuse a través de listaxes proporcionadas pola Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías da Universidade da Coruña, a Vicerreitoría de Calidade e Planificación da Universidade de Santiago de Compostela e a Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade da Universidade de Vigo.

Deseño da mostra

Para cada titulación e campus (subpoboación) seleccionouse unha mostra aleatoria, determinando o tamaño para a estimación da proporción (con varianza máxima) e fixando un erro máximo absoluto do 10%, cun nivel de confianza do 95%. Posteriormente, os resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG obtéñense mediante elevación proporcional ao tamaño de cada subpoboación.

Recollida de información

As enquisas realizáronse mediante entrevista telefónica, fixando un número máximo de 5 chamadas por titulado, escollendo estes de xeito aleatorio. O cuestionario é o mesmo que se utilizou para o PIL 2005-2006. Os ítems incluídos pódense consultarse no anexo II deste documento.

Realización do traballo de campo

O traballo de campo foi realizado por CALLCENTER, Centro de Atención de Llamadas S.A., desde o 25 de maio ata o 16 de xuño de 2009.

4.

Descritiva da poboación

06-07

4. Descritiva da poboación

Neste primeiro apartado achégase información sobre as características da poboación de interese, os titulados no SUG durante o curso académico 2006-2007, atendendo a factores sociodemográficos como o sexo ou o nivel de estudos dos pais, os anos empregados a maiores na titulación e a nota media do expediente. A análise destas características é relevante na interpretación doutros resultados obtidos no tocante á inserción laboral dos titulados, e que poden vir determinados ou influenciados polas mesmas.

Distribución da mostra por sexo

Igual que nos resultados de estudos anteriores e en concordancia coas estatísticas propias das universidades do SUG, a porcentaxe de mulleres tituladas durante o curso 2006-2007 é superior á dos homes, acadando un 66,79%. Esta porcentaxe é lixeiramente inferior á rexistrada no anterior estudo PIL 2005-2006, que era dun 66,90%. Os resultados da distribución dos titulados por sexo poden verse na Figura 1, por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Coma no anterior estudo, anterior PIL 2005-2006, nas ramas de Artes e Humanidades II e en Ciencias da Saúde, as porcentaxes de mulleres superan o 80%. A rama onde hai unha menor porcentaxe de mulleres é Enxeñaría e Arquitectura, cun 37,95%.

Nivel de estudos dos pais

Os niveis de estudos dos pais foron tamén analizados por ramas de coñecemento e para o global dos titulados, xa que as condicións educativas familiares poden constituír un factor de importancia na elección da traxectoria académica dos estudantes. Na Táboa 2 inclúese a distribución dos estudos dos pais, segundo nivel de estudo máis alto rematado, para o total do SUG. As porcentaxes de pais con estudos universitarios son dun 19,90% para as nais e dun 22,07% para os pais. Estas porcentaxes son similares ás rexistradas no anterior PIL 2005-2006. Por ramas de coñecemento, os resultados achéganse na Figura 2 para a nai e Figura 3 para o pai. De xeito máis detallado, podemos observar que en Ciencias da Saúde, a porcentaxe de nais e pais con estudos universitarios medios ou superiores é similar, un

24,50% das nais posúen estudos universitarios e un 24,27% no caso dos pais.

Figura 1. Distribución dos titulados por sexo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 2. Nivel de estudos da nai e do pai. Resultados para o total do SUG

Nivel de estudos	Nai	Pai
Sen estudos	2,97%	2,72%
Primarios	50,97%	46,32%
Bacharelato / formación profesional	26,16%	28,90%
Universitarios medios	11,52%	9,83%
Universitarios superiores	8,38%	12,24%

Figura 2. Nivel de estudos da nai. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Figura 3. Nivel de estudos do pai. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



A partir do informe do Consejo de Coordinación Universitaria do Ministerio de Educación e Ciencia sobre os Datos y Cifras del Sistema Universitario Español. Curso 2006-2007, obtense que a porcentaxe de nais con estudos primarios nos titulados do SUG está ao redor dun 15% por enriba do reflectido a nivel estatal, e no caso dos pais é ao redor dun 25% superior no SUG. Tamén se conclúe, a partir deste estudo, que se reduce lixeiramente a porcentaxe de pais con estudos universitarios (un 1,5% no caso das nais e un 7% no caso dos pais) e tamén diminúe para o SUG a porcentaxe de nais e pais sen estudos (ao redor dun 5% menos), en comparación cos datos globais.

Titulación cursada como primeira opción

Case un 75% dos alumnos que acceden a estudos universitarios fano na titulación que elixen como primeira opción, igual que nos últimos estudos. Para os titulados de 2006-2007, esta porcentaxe foi do 74,58%, como se pode ver na Figura 4, para o total do SUG e por ramas de coñecemento e atópase lixeiramente por enriba da que se obtivo no PIL 2005-2006, que era de pouco máis do 70%.

Como xa se comentou noutras ocasións, a alta porcentaxe de titulados que acceden á titulación escollida como primeira opción pode repercutir positivamente na satisfacción dos titulados cos seus estudos. Por ramas de coñecemento (Figura 4), as porcentaxes máis altas aparecen nas ramas de Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura, en ambos os casos cun 79%, e en Artes e Humanidades I, cun 78% de matriculados en primeira opción. Por outra banda, os alumnos que teñen maior dificultade para entrar na titulación escollida como primeira opción son os de Ciencias, aínda que un 68,76% accede aos estudos elixidos. En relación con estudos anteriores, estas porcentaxes son similares aínda que se observa en xeral un lixeiro incremento nas porcentaxes de acceso á primeira opción en todas as ramas.

Figura 4. Titulados que cursaron a titulación elixida como primeira opción. Porcentaxes por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Anos a maiores empregados na titulación

Os planos de estudos que remataron os titulados no curso 2006-2007 tiñan unha duración estipulada de entre tres e seis cursos académicos, se ben é coñecido que non todos os matriculados rematan no tempo previsto. Con todo, máis do 45% dos titulados rematou os estudos nos anos estipulados no plano (lixeiramente por enriba da porcentaxe rexistrada no PIL 2005-2006). O 33,18% tardan un ou dous anos máis do recollido no plano (Táboa 3). Por ramas de coñecemento, como se pode ver na Figura 5, existen diferenzas salientables, aínda que se debe ter en conta a distinta configuración das ramas, en relación co número de titulacións de ciclo curto (diplomaturas ou enxeñarías técnicas) e de ciclo longo (licenciaturas ou enxeñarías). Cos resultados que se obtiveron, poderíanse establecer catro grupos, segundo a porcentaxe de titulados que rematan nos anos estipulados no plano de estudos. Un primeiro grupo estaría formado por Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas III, Ciencias Sociais e Xurídicas IV e Artes e Humanidades II, onde a porcentaxe de titulados que rematan no tempo previsto supera o 70%. Por outro lado estarían os titulados en Artes e Humanidades I, dos que preto dun 60% rematan no tempo estipulado. Un terceiro grupo estaría formado por Ciencias e Ciencias Sociais e Xurídicas I e II, con porcentaxes superiores ao 30%. Finalmente, na rama de Enxeñaría e Arquitectura, tan só un 9,27% dos titulados rematan nos anos previstos.

Figura 5. Anos a maiores na titulación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 3. Distribución dos titulados por anos a maiores empregados na titulación. Resultados para o total do SUG

Anos a maiores empregados na titulación	% 2006-2007 SUG
Ningún	46,31%
1	19,92%
2	13,26%
3	8,47%
4	4,92%
5	3,78%
6 ou máis	3,34%

Figura 6. Nota media do expediente. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Nota media do expediente

A nota media do expediente que se achega foilles requirida aos titulados durante a enquisa telefónica. Deles, un 60,94% teñen unha media de *aprobado*, mentres que un 36,97% afirman ter unha nota media de *notable* e tan só un 2,09% obteñen unha nota superior a esta (*sobresaliente* ou *matrícula de honra*). Por ramas de coñecemento, como se pode observar na Figura 6, os titulados cunha maior porcentaxe de aprobados no seu expediente son os da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas I (74,48%), Ciencias (73,71%) e Enxeñaría e Arquitectura (72,44%). Os titulados que rematan con mellores expedientes son os de Ciencias da Saúde e os de Ciencias Sociais e Xurídicas III e IV onde máis da metade teñen unha media igual ou superior ao *notable*, seguidos por Artes e Humanidades I e II, con ao redor do 50% de titulados con media igual ou superior ao *notable*.

5.

Formación. Estadía na universidade

06-07

5. Formación. Estadía na universidade

Outros estudos rematados

Un 12,25% dos titulados no curso 2006-2007 teñen rematada outra titulación universitaria (Figura 7). Por ramas de coñecemento é Ciencias Sociais e Xurídicas III a que presenta unha maior porcentaxe de titulados con outras titulacións universitarias (a maiores da titulación de referencia para a enquisa), ao redor dun 25%. Por outra banda, en Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas II e Enxeñaría e Arquitectura, non chega ao 8% a porcentaxe de titulados con outros estudos universitarios.

Estas outras titulacións universitarias que posúen os titulados de 2006-2007 foron clasificadas en *diplomaturas* ou *enxeñarías técnicas*, *licenciaturas* ou *enxeñarías* e *titulacións propias* do SUG, con base na súa duración. Como se pode ver na Figura 8, dos titulados que teñen outros estudos[2], un 47,82% cursaron unha titulación de ciclo curto (un 8,76% menos que no PIL 2005-2006), mentres que un 38,75% estudaron unha *licenciatura* ou *enxeñaría* (un 2,75% menos respecto do PIL 2005-2006). Un 15,05% dos titulados teñen ademais unha *titulación propia*, aumentando esta porcentaxe respecto do estudo anterior.

Por ramas de coñecemento (Figura 8), Artes e Humanidades I presenta a maior porcentaxe de titulados que cursaron a maiores unha *diplomatura* ou *enxeñaría técnica* (64,15%), e Artes e Humanidades II presenta a maior porcentaxe que cursaron a maiores outra *licenciatura* ou *enxeñaría*, superando o 90%. No caso dos *títulos propios*, é a rama de Ciencias a que presenta a maior porcentaxe, xa que esta é dun 44,75%, igual que no anterior estudo PIL 2005-2006.

2 *As porcentaxes poden sumar máis do 100% porque pode haber titulados con máis dunha titulación rematada, a maiores da de referencia para o estudo.*

Figura 7. Outras titulacións universitarias rematadas.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Figura 8. Tipos de titulacións universitarias rematadas.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Estudos de posgrao rematados

Un 19,03% dos titulados en 2006-2007 teñen estudos de *terceiro ciclo* ou de *posgrao* rematados. Por ramas de coñecemento (Figura 9), esta porcentaxe varía entre, aproximadamente, o 10% de Ciencias Sociais e Xurídicas III e Ciencias da Saúde fronte ao máis do 30% da rama de Ciencias e Ciencias Sociais e Xurídicas II. Do case 20% de titulados con estudos de posgrao, un 89,93% elixiu un *mestrado* ou un *posgrao*, mentres que o 11,12% rematou estudos de *terceiro ciclo* (Táboa 4).

Figura 9. Estudos de posgrao rematados.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 4. Porcentaxes de titulados con estudos de posgrao rematados.
Resultados para o total do SUG

Tipo de estudos de posgrao	% 2006-2007 SUG
3º Ciclo	11,12%
Mestrado/Posgrao	89,93%

Figura 10. Tipos de estudos de posgrao rematados. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Entre os motivos que levan a un titulado a cursar este tipo de estudos segue destacando o feito de *Estar en mellores condicións para atopar emprego*, cunha porcentaxe do 54,10%, seguido polo *desenvolvemento ou promoción laboral* (29,91%). Tan só un 9,26% afirma cursar estes estudos por *carencias na formación previa*. En comparación cos estudos anteriores, a porcentaxe de titulados que cursaron estudos de terceiro ciclo ou posgrao para estar en mellores condicións á hora de atopar un posto de traballo é similar á obtida no PIL 2003-2005 (cun 54,15%), lixeiramente superior á do PIL 2005-2006 (cun 47,56%). Pola contra, diminúe lixeiramente a porcentaxe de titulados que seguiron estudos para o seu *desenvolvemento ou promoción laboral*, pasando dun 31,85% no PIL 2005-2006 a un 29,91% no estudo actual.

Por ramas de coñecemento (Figura 11) os titulados de Artes e Humanidades I son os que atopan unha maior carencia formativa (cun 12,43%), seguidos de Ciencias Sociais e Xurídicas II (11,21%) e Ciencias da Saúde (10,75%).

Figura 11. Motivos para cursar un posgrao. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



A estadía na universidade

Neste apartado recóllese a percepción que os titulados teñen do seu paso pola universidade, no tocante a distintos aspectos das materias cursadas e o plano de estudos, a realización de prácticas externas en empresas así como o apoio que a universidade presta aos titulados nos primeiros compases do seu desempeño laboral. A percepción dos xa titulados poderá servir de axuda ás institucións para planificar programas de mellora dirixidos a estudantes e titulados.

Centrándonos nos contidos das materias cursadas, a terceira parte dos titulados no SUG (33,67%) considera que os avances e a tecnoloxía predominante no seu campo se tivo pouco ou nada en conta. Por ramas de coñecemento, é en Ciencias Sociais e Xurídicas II onde acusan máis esta carencia: case un 50% considera que os avances e a tecnoloxía no seu campo contou pouco ou nada nos contidos da materia. No outro extremo, os titulados de Ciencias da Saúde presentan a maior porcentaxe de satisfacción: o 52,49% consideran que se tiveron en conta bastante ou moito os avances e a tecnoloxía no seu campo, mentres que esta porcentaxe é dun 36,29% no total do SUG (Figura 12).

Figura 12. Nos contidos das materias, tivéronse en conta os avances e a tecnoloxía predominantes no seu campo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Figura 13. Valoración do grao de necesidade de apoio externo (academias) nalgunha das materias. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



En moitas titulacións, os estudantes recorren ás clases de apoio como axuda para superar as materias do plan. Na Figura 13 achégase a valoración da necesidade de apoio externo durante os estudos universitarios. Así, un 66,18% afirma ter necesitado algún tipo de apoio, no total do SUG. Por ramas de coñecemento, son os titulados de Enxeñaría e Arquitectura (78,27%) e de Ciencias Sociais e Xurídicas I (86,96%) os que máis apoio precisaron.

Preguntóuselles aos titulados pola percepción que teñen sobre o tempo estipulado para rematar a titulación. Un 66,93% dos titulados do SUG está bastante ou moi de acordo con este tempo. Por ramas de coñecemento destacan os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas III e IV para os que esta porcentaxe é do 89,89% e 91,98%, respectivamente. Os máis descontentos son os titulados en Enxeñaría e Arquitectura: un 57,24% está algo ou nada de acordo co tempo estipulado para finalizar a titulación, fronte ao 21,72% do total do SUG. Na Figura 14 pódense observar estes datos.

Figura 14. O plan de estudos permite rematar a titulación no tempo estipulado. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Unha vez rematada a titulación, o 21,20% dos titulados no SUG precisaron da colaboración dos profesores (Figura 15). Esta porcentaxe non presenta grandes variacións entre as distintas ramas de coñecemento: os que máis acudiron a antigos profesores foron os titulados de Ciencias (30,18%) e os de Ciencias Sociais e Xurídicas I os que menos (15,52%). A estes titulados que precisaron da colaboración dos profesores, pedíuselles unha valoración desta (Figura 16). A maioría dos titulados do SUG fan unha valoración positiva desta colaboración: un 68,10% manifestan estar satisfeitos, bastante satisfeitos ou moi satisfeitos. En xeral esta é a opinión maioritaria en todas as ramas de coñecemento. A porcentaxe dos satisfeitos, bastante satisfeitos ou moi satisfeitos varía desde o 61,24% de Ciencias Sociais e Xurídicas I, ata o 81,07% dos titulados en Artes e Humanidades II.

Figura 15. Unha vez rematada a titulación, precisou da colaboración dalgún profesor. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Figura 16. Grao de satisfacción coa colaboración do profesor, unha vez rematada a titulación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



O 35,24% dos titulados no SUG considera que se lles facilitou bastante ou moito a realización de prácticas externas (en empresas ou institucións) desde a súa universidade (Figura 17). Por ramas de coñecemento, os que máis valoran este aspecto da súa universidade son os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas IV (66,12%), Ciencias da Saúde (56,75%) e Ciencias Sociais e Xurídicas III (45,75%), consideran que as prácticas se lles facilitaron bastante ou moito. Débese sinalar que son os de Ciencias Sociais e Xurídicas IV os que mellor valoración dan, aínda que nas outras dúas ramas de coñecemento consideradas a realización de prácticas externas é obrigatoria para a obtención do título (o *practicum* é necesario en todas as titulacións de Ciencias da Saúde e na maioría das de Ciencias Sociais e Xurídicas III). No outro extremo, os titulados que peor valoran este aspecto son os de Artes e Humanidades II: o 75,93% pensa que as prácticas se facilitaban pouco ou nada.

Figura 17. Facilitábase a realización de prácticas en empresas. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



O 62,09% dos titulados no SUG durante o curso 2006-2007 realizaron prácticas en empresas. A distribución destes por ramas de coñecemento, e para o total do SUG, amósase na Figura 18. Tendo en conta esta distribución pódese observar que as ramas cunha maior porcentaxe de alumnos que realizaron prácticas son as de Ciencias Sociais e Xurídicas IV (85,73%), seguida de Ciencias Sociais e Xurídicas III (75,76%) e Ciencias da Saúde (73,12%). No outro extremo atópase Artes e Humanidades II, con tan só un 24,94% de titulados que fixeron prácticas.

Figura 18. Realización de prácticas en empresas.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Aos titulados que realizaron prácticas en empresas ou institucións preguntóuselles pola súa utilidade no posterior proceso de inserción laboral (Figura 19). Para un 72,15% dos titulados do SUG a realización de prácticas resultou ser de bastante ou moita utilidade para a inserción laboral. Esta porcentaxe supera o 78% en Ciencias da Saúde (78,97%) e Ciencias Sociais e Xurídicas III (78,95%), dúas das tres ramas de coñecemento en que máis titulados fixeron prácticas. Os que menos utilidade atopan na realización de prácticas son os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II (para o 56,95% son bastante ou moi útiles) e Artes e Humanidades I (para o 61,02% son bastante ou moi útiles). Nestas ramas de coñecemento un 13% e un 16%, respectivamente, dos titulados que realizaron prácticas externas, non as atoparon útiles para o proceso de inserción laboral. Esta porcentaxe para o total do SUG é sensiblemente inferior (6,76%).

Con respecto á posibilidade de que os titulados compaxinasen traballo con estudo durante a titulación, os datos son similares aos de anteriores investigacións, xa que se obtén que o 62,46% dos titulados estudaron a tempo completo. Esta porcentaxe é similar en case todas as ramas de coñecemento, aínda que lixeiramente inferior en Artes e Humanidades I (56,81%) e acádase case o 74% para os titulados de Ciencias da Saúde (Figura 20).

Figura 19. Utilidade das prácticas en empresas no proceso de inserción laboral. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



De compaxinar traballo e estudo, a maioría fixérono cun traballo esporádico (máis do 50%). A porcentaxe daqueles que tiveron un traballo a tempo completo é superior ao 15% no global do SUG (Figura 21) e achégase ao 25% no caso de Ciencias Sociais e Xurídicas II, igual que en estudos anteriores.

Aos titulados que compaxinaron estudos e traballo, pediúselles que valorasen a relación dese traballo coa titulación cursada (Figura 22). No total dos titulados do SUG teñen máis peso os titulados que manifestan que o traballo realizado tiña pouca ou ningunha relación coa titulación cursada (46,88%) que os que din que tiña bastante ou moita relación (36,77%). Por ramas de coñecemento, tan só os de Ciencias Sociais e Xurídicas III chegan a inverter lixeiramente este resultado: o 39,80% pouca ou ningunha fronte ao 42,88% bastante ou moita relación. No resto de ramas ocorre o mesmo que no total do SUG e chega ao 58,84% dos titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II para os que o traballo realizado durante os estudos tiña pouca ou ningunha relación coa titulación que estaban a cursar.

Figura 20. Titulados que estudaron a tempo completo e compaxinaron estudo e traballo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Figura 21. Tipo de traballo co que compaxinaron os estudos. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Figura 22. Relación do traballo durante os estudos coa titulación cursada. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



6. Acceso ao emprego

06-07

6. Acceso ao emprego

Dentro do proceso de inserción laboral dos titulados, o acceso ao mercado de traballo pódese caracterizar nun primeiro termo pola busca de emprego mediante o uso de distintas vías e a determinación de cales resultan máis efectivas.

Entre os titulados que buscaron emprego relacionado coa titulación unha vez rematados os estudos analizáronse as vías que utilizaron na súa busca, a que propiciou o seu primeiro emprego e o tempo que tardaron en atopalo. Ademais, tamén se avaliaron os factores que, segundo a opinión dos titulados, foron máis valorados no proceso de contratación e os motivos que os levaron a rexeitar unha oferta de emprego, se é que o fixeron.

Figura 23. Titulados que buscaron traballo relacionado coa súa titulación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Tan só un 21,27% dos titulados do SUG manifestaron non ter buscado emprego relacionado coa súa titulación. Os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II son os que máis admiten acudir a empregos non relacionados coa titulación (33,71%) e os de Ciencias Sociais e Xurídicas I (14,70%) os que menos (Figura 23).

Entre os que buscaron traballo relacionado coa titulación, o 52,01% dos titulados do SUG tivo éxito na súa busca e atopouno. Os que máis éxito tiveron foron os de Ciencias da Saúde, dos que un 70,32% atoparon traballo relacionado coa titulación, seguidos de Enxeñaría e Arquitectura (60,78%) e Ciencias Sociais e Xurídicas I (60,95%). Tan só un 25% dos titulados de Artes e Humanidades I buscaron e atoparon emprego relacionado coa titulación.

Busca de emprego

Figura 24. Utilización das vías de busca. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 1



Figura 25. Utilización das vías de busca. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 2



Figura 26. Utilización das vías de busca. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 3



Para valorar o proceso de busca de emprego, pedíuselles aos titulados do SUG que valorasen (1: nada, 5: moito) a utilización que fixeron das distintas vías de busca. Como se pode ver na Figura 24, na Figura 25 e na Figura 26, *Internet* aparece como a vía máis utilizada polos titulados (3,49), seguida de *Candidatura espontánea* (3,32). As vías menos utilizadas son a *OSIX* (1,22), *Pór anuncios* (1,25) e *Consultorías* (1,27).

Os resultados son bastante homoxéneos por ramas de coñecemento. Tan só cabe destacar a menor valoración que os titulados de Ciencias da Saúde fan da utilización de *Internet* (2,57) fronte ao total do SUG. Aínda así, é a segunda vía de busca de emprego nesta rama.

A vía propiciatoria do primeiro emprego dos titulados permítenos valorar as distintas vías de busca segundo a porcentaxe de empregos acadados (Figura 27). Entre os titulados do SUG, catro vías concentran o 61,45% dos primeiros empregos: *Internet* (16,97%), *Familiares/amizades* (16,95%), *Candidatura Espontánea* (16,73%) e *Prolongación de prácticas* (10,80%).

Figura 27. Vía propiciatoria do primeiro emprego. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Estas catro vías destacan en case todas as ramas de coñecemento, aínda que é posible salientar algúns resultados. *Internet* destaca especialmente entre os titulados de Enxeñaría e Arquitectura: o 24,54% dos titulados nesta rama

acadan o seu primeiro emprego por esta vía. A *Prolongación de prácticas* destaca tamén especialmente entre os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II (18,58%) e Ciencias Sociais e Xurídicas IV (18,93%). Para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas III e Artes e Humanidades I funciona mellor que no total do SUG a *Oposición/concurso público*, que dan como resultado o 15,14% e o 10,45% dos primeiros empregos, respectivamente, fronte ao 5,81% no total do SUG. Dar *Resposta a un anuncio de traballo en prensa* é especialmente relevante para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II, o 10,08% dos empregos fronte ao 5,01% no SUG. O 10,63% dos titulados de Ciencias atopan o seu primeiro emprego por *Ofertas e bolsas de traballo a través da universidade*, mentres que no total do SUG esta vía só lle permite acceder ao primeiro emprego a un 5,49% dos titulados.

Unha vez obtidas as puntuacións por utilización que os titulados dan ás distintas vías de busca de emprego e as porcentaxes de primeiros empregos que se conseguen por cada unha delas, é posible facer unha valoración cualitativa das distintas vías, sen máis que enfrontar os datos de utilización coas porcentaxes de empregos conseguidos. Segundo os titulados do SUG (Figura 28) *Internet* e a *Candidatura espontánea* teñen unha boa efectividade, reflectindo a concordancia entre a utilización que os titulados fan e o número de empregos conseguidos por elas. A vía que destaca por unha maior efectividade para os titulados dos SUG é *Familiares/amizades* para a que, a pesar da súa menor utilización, a porcentaxe de empregos conseguidos destaca entre as máis altas.

Figura 28. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para o total do SUG



Entre as distintas ramas de coñecemento, os resultados son bastante homoxéneos, aínda que se poden destacar algunhas diferenzas (Figura 29 a Figura 37). Para os titulados de Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas II e III e os de Artes e Humanidades II, *Internet* ten unha peor efectividade: valoran a súa utilidade entre as máis altas, pero a porcentaxe de empregos conseguidos nestas ramas de coñecemento no son acordes a esa utilización, empeorando a súa efectividade.

O *Concurso público/oposición* ten unha efectividade destacable para os titulados de Ciencias da Saúde e Ciencias Sociais e Xurídicas III, cunha porcentaxe de empregos conseguidos acorde coa súa utilización, a súa posición en canto á efectividade é mellor que para o total do SUG.

Para algunhas ramas de coñecemento: Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas I e IV e Artes e Humanidades II, *Familiares/amizades* empeora, aínda que segue a ser positiva a súa efectividade fronte ao total do SUG, debido á menor porcentaxe de empregos conseguidos nestas ramas, aínda que o grao de utilización é similar ao do SUG. Algo similar ocorre coa *Candidatura espontánea* nas ramas de Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas I e II, neste caso chegando a ter efectividade negativa.

Para os titulados de Artes e Humanidades II destaca, pola súa efectividade, o *Autoemprego*. Aínda que os titulados manifestaron graos de utilización similares para o SUG, a porcentaxe de titulados colocados por esta vía é superior, achegando unha mellora en canto á efectividade.

Figura 29. Efectividade das vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Ciencias da Saúde



Figura 30. Efectividade das vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Ciencias



Figura 31. Efectividade das vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Enxeñaría e Arquitectura



Figura 32. Efectividade das vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas I



Figura 33 Efectividade das vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II



Figura 34. Efectividade das vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas III



Figura 35 Efectividade das vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas IV



Figura 36. Efectividade das vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Artes e Humanidades I



Figura 37. Efectividade das vías de busca de emprego.
Resultados para os titulados de Artes e Humanidades II



Figura 38. Tempo en atopar emprego. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



O 61,38% dos titulados do SUG tarda tres meses ou menos en atopar o seu primeiro emprego (Figura 38). Esta porcentaxe chega ao 72,75% en Ciencias da Saúde e ao 76,90% en Enxeñaría e Arquitectura. Porén, é tan só dun 42,79% en Ciencias Sociais e Xurídicas III, onde un 24,51% dos titulados tarda entre 6 e 12 meses en atopar o seu primeiro emprego. Entre os titulados de Artes e Humanidades II tamén un 25,35% dos titulados tarda entre 6 e 12 meses.

Figura 39. Tempo medio, en meses, en atopar emprego.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Os titulados do SUG tardan, de media (Figura 39), 4,79 meses en atopar o seu primeiro emprego. Este tempo é moito menor en Ciencias da Saúde e Enxeñaría e Arquitectura. Os titulados nestas ramas de coñecemento tardan tan só 2,91 e 2,82 meses, respectivamente, en atopar o seu primeiro emprego. Os titulados que máis tardan son os de Artes e Humanidades II (7,12 meses) e Ciencias Sociais e Xurídicas III (7,44 meses). Estes resultados poden darnos unha idea do dinamismo do emprego a que acceden os titulados das distintas ramas de coñecemento.

A contratación

Pedíuselles aos titulados que valorasen, a partir da súa experiencia, a importancia de distintos factores na obtención dun emprego (Figura 40 a Figura 42). Os titulados do SUG destacan a *Actitude durante a entrevista* (4,30), a *Experiencia laboral relacionada* (4,28), ter *Mobilidade xeográfica* (4,28), *Aproveitar as oportunidades* (4,17) e a *Titulación estudada* (4,16).

Figura 40. Factores valorados na contratación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 1



Figura 41. Factores valorados na contratación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 2



Figura 42. Factores valorados na contratación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 3



Os datos por ramas de coñecemento son moi similares: os cinco factores máis destacados coinciden cos do SUG aínda que noutra orde e con algún pequeno cambio. Os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas III e Artes e Humanidades I cambian a *Titulación estudada* por *Ser constante na busca*, na lista dos cinco factores máis valorados, con puntuacións de 4,23 e 4,11, respectivamente. Os titulados de Artes e Humanidades I consideran como o factor máis importante os *Coñecementos de idiomas* (4,51). Nalgunhas ramas de coñecemento a lista dos cinco factores máis importantes exclúe a *titulación estudada* para incorporar os *Coñecementos de informática*. Estas ramas son Ciencias (4,14), Enxeñaría e Arquitectura (4,30), Ciencias Sociais e Xurídicas I (4,33), Ciencias Sociais e Xurídicas II (4,11) e Ciencias Sociais e Xurídicas IV (4,29).

Figura 43. Titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Unha vez superado o proceso de selección, o 44,88% dos titulados do SUG manifestan ter rexeitado algunha oferta de traballo (Figura 43). Esta porcentaxe supera o 50% en catro das nove ramas de coñecemento: Ciencias (50,52%), Ciencias Sociais e Xurídicas II (51,14%), Ciencias Sociais e Xurídicas III (55,07%) e Artes e Humanidades I (63,25%).

Figura 44. Motivos para rexeitar unha oferta de traballo.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Nos casos en que os titulados manifestaron ter rexeitado algunha oferta de traballo, preguntóuselles polos motivos (Figura 44). Os principais motivos para os titulados do SUG foron, por esta orde, *Existencia dunha oferta mellor* (32,92%), *Oferta económica inadecuada* (30,65%), *Posto de cualificación inferior ao título* (18,48%) e o *Traballo a realizar non resultaba atractivo* (16,35%). Os resultados son moi homoxéneos nas nove ramas de coñecemento analizadas. Tan só Ciencias da Saúde, Ciencias Sociais e Xurídicas II e Ciencias Sociais e Xurídicas III inclúen na lista dos catro principais motivos un *Horario de traballo inadecuado*, segundo o 13,47%, 20,98% e 17,94%, respectivamente, dos titulados nesas ramas de coñecemento. Os titulados de Artes e Humanidades I e II sinalan como un dos principais motivos unha *Modalidade de contratación inadecuada* co 15,84% e o 22,43%, respectivamente.

7. Situación actual

06-07

7. Situación actual

En todo estudo de inserción é esencial coñecer as condicións en que se atopa o titulado no momento actual (entendendo como tal o momento de realización da enquisa). O obxectivo é proporcionar unha visión sobre a realidade do traballo dos titulados no SUG, no tocante ás condicións do emprego atendendo ao tipo de contrato, ao salario, á satisfacción no posto que ocupa ou ás competencias requiridas para o correcto desempeño do seu traballo.

Antes de analizar a situación actual dos titulados é preciso aclarar que se trata dun colectivo de titulados recentes, polo que, falar dunha taxa de inserción laboral, referíndonos unicamente á porcentaxe de titulados que traballan, pode resultar enganoso e non dar unha idea da ocupación real dos titulados universitarios, nin da súa traxectoria unha vez rematados os estudos superiores. Proba disto é a nada desprezable porcentaxe de titulados que continúa estudando ou preparando oposicións. Nos resultados que se obtiveron tamén se constatou que a porcentaxe de titulados que non seguían ningunha destas opcións era inferior ao 1%.

Ao falarmos da continuación de estudos, estámonos referindo a todos aqueles titulados que continuaron a estudar outra diplomatura, licenciatura ou enxeñaría; tamén aos que seguiron cunha titulación propia, un mestrado ou posgrao ou aos que continuaron con estudos de doutoramento. Neste caso non estamos reflectindo a porcentaxe de titulados que adquiren formación complementaria non regulada, como estudos de idiomas ou informática.

Neste apartado recóllense as porcentaxe de titulados que traballan, estudan ou preparan oposicións (véxase a Táboa 5, a Figura 45 e a Figura 46). Como se pode observar na Táboa 5, o 66,11% dos titulados está traballando. Cando os titulados rematan os estudos universitarios non todos acadan un emprego de forma directa, senón que vén sendo común que unha porcentaxe importante decida continuar estudos ou preparar oposicións para o acceso ao corpo de funcionarios ou compaxinar varias destas actividades. Así, poden observarse estas porcentaxes por ramas de coñecemento na Táboa 5. As porcentaxes de titulados que preparan oposicións (29,50%) ou seguen estudando outra titulación universitaria (33,73%) son similares ás de estudos anteriores.

Figura 45 Porcentaxe de titulados que prepara oposicións.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Figura 46. Porcentaxe de titulados que continúa estudos.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 5. Porcentaxe de titulados no SUG que traballa, estuda e/ou prepara oposicións. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	% Traballa	% Estuda	% Prepara oposicións
Ciencias da Saúde	79,43%	30,63%	50,46%
Ciencias	65,95%	39,17%	18,22%
Enxeñaría e Arquitectura	74,86%	40,19%	8,48%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	67,98%	26,43%	16,42%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	54,70%	27,84%	37,91%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	62,21%	31,03%	48,92%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	53,55%	40,39%	9,59%
Artes e Humanidades I	42,56%	36,60%	36,58%
Artes e Humanidades II	55,00%	43,63%	31,88%
SUG	**66,11%**	**33,73%**	**29,50%**

Aos titulados que manifestaron continuar os seus estudos preguntóuselles polo tipo de estudos con que decidiron continuar (Figura 47). A maioría dos titulados que seguen estudando fano nun *mestrado* ou *posgrao*, cunha demanda media dun 35,03% no SUG. Os estudos de *licenciatura* ou *enxeñaría* cun 22,18% no SUG son os que ocupan o segundo posto, mentres que un 20,40% cursan un *título propio*. O *mestrado* ou *posgrao* é unha das eleccións maioritarias en todas as ramas de coñecemento, chegando ao 48,17% dos titulados de Ciencias que elixiron esta opción. En tres ramas de coñecemento, Ciencias, Artes e Humanidades I e II, destacan os estudos de *terceiro ciclo* como unha das opcións maioritarias para continuar os estudos, con porcentaxes do 29,18%, 32,46% e 41,67%, respectivamente, fronte ao 14,52% dos titulados do total do SUG.

Estas porcentaxes son diferentes ás obtidas en estudos anteriores, apreciándose un incremento dos estudos de *mestrado* ou *posgrao*, isto é debido a que moitos dos programas de *terceiro ciclo* foron xa reconvertidos a títulos de mestrado. Un 52,25% dos titulados do SUG manifestan que decidiron continuar os seus estudos para *Estar en mellores condicións para atopar emprego* (Táboa 6 e Figura 48). Esta é a razón maioritaria para os titulados de todas as ramas de coñecemento.

Figura 47. Tipo de estudos en que continúa.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Figura 48. Motivos para continuar estudos.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 6. Motivo para continuar estudos. Distribución dos titulados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Mellores condicións	Promoción laboral	Carencias formativas	Outras razóns
Ciencias da Saúde	72,43%	38,85%	16,25%	17,02%
Ciencias	68,55%	25,15%	11,98%	21,49%
Enxeñaría e Arquitectura	53,37%	40,40%	21,71%	15,07%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	68,59%	35,24%	14,56%	11,90%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	73,37%	28,00%	19,06%	8,70%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	72,63%	33,30%	14,50%	18,74%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	70,74%	22,55%	16,20%	15,92%
Artes e Humanidades I	64,64%	40,54%	11,47%	19,80%
Artes e Humanidades II	74,09%	28,42%	12,20%	17,00%
SUG	**67,08%**	**34,31%**	**16,61%**	**15,40%**

A porcentaxe de titulados que está traballando é do 66,11% como se recollía na Táboa 5. Porén, non se debe ver esta porcentaxe de xeito illado, senón que é preciso contabilizar tamén aqueles que seguen estudando e cantos deles preparan oposicións (véxase a Táboa 5). A porcentaxe de titulados que están traballando pero que o fan nun posto que non consideran relacionado coa súa titulación é do 3,37%, esta porcentaxe é significativamente menor que a de estudos anteriores, como o da PIL20032005 onde esta porcentaxe superaba o 5%, como se pode ver na Figura 49.

Figura 49. Titulados que están traballando.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Figura 50. Lugar de traballo.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Un 86% dos titulados do SUG están traballando en Galicia, mentres que preto dun 13,24% fano fóra de Galicia, pero dentro do territorio nacional (véxase a Táboa 7). As porcentaxes son similares para as ramas de coñecemento (véxase a Figura 50 e a Táboa 7).

Táboa 7. Porcentaxes do lugar de traballo.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Resto de España	Resto de Europa	Resto do mundo
Ciencias da Saúde	35,97%	12,90%	6,89%	25,71%	18,08%	0,45%	0,00%
Ciencias	40,01%	4,35%	8,25%	28,48%	18,51%	0,39%	0,00%
Enxeñaría e Arquitectura	49,28%	9,98%	5,43%	18,92%	14,66%	0,97%	0,77%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	44,45%	9,58%	10,69%	22,69%	12,08%	0,51%	0,00%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	53,37%	6,96%	5,96%	23,03%	10,68%	0,00%	0,00%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	41,57%	9,58%	13,34%	27,61%	7,65%	0,12%	0,12%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	33,38%	7,94%	5,79%	29,32%	22,88%	0,00%	0,68%
Artes e Humanidades I	51,24%	6,92%	13,00%	17,89%	9,35%	1,60%	0,00%
Artes e Humanidades II	43,24%	2,70%	2,81%	37,57%	11,38%	1,35%	0,96%
SUG	**44,07%**	**8,99%**	**8,49%**	**24,46%**	**13,24%**	**0,51%**	**0,25%**

É destacable que un 44,07% dos titulados do SUG traballan na provincia da Coruña, seguido dun 24,46% que o fan na de Pontevedra. Esta concentración de titulados na provincia da Coruña, pode vir explicado por tratarse de titulados recentemente incorporados ao mercado laboral, dos que unha porcentaxe importante están con contratos en prácticas na Administración, maioritariamente radicada nesta provincia (véxase a Figura 50 e a Táboa 7).

En relación cos motivos para traballar fóra de Galicia son distintos dependendo da rama de coñecemento analizada. Así, mentres a maioría indica que é por *Non atopar traballo en Galicia* (36,84%) ou por unha *Mellor oferta no exterior* (30,36%), resulta sorprendente que os titulados de Ciencias da Saúde manifestan maioritariamente razóns *persoais* (un 47,39%). Estes datos resúmense na Táboa 8 e máis na Figura 51.

Táboa 8. Motivos para traballar fóra de Galicia.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Non atopar traballo en Galicia	Mellor oferta no exterior	Razóns persoais	Outros
Ciencias da Saúde	16,89%	21,95%	47,39%	19,79%
Ciencias	42,48%	29,46%	25,16%	22,35%
Enxeñaría e Arquitectura	25,19%	36,61%	28,19%	20,46%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	33,64%	47,61%	9,67%	20,38%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	52,46%	41,38%	21,07%	8,22%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	48,28%	14,09%	26,31%	23,69%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	31,85%	28,43%	25,86%	23,14%
Artes e Humanidades I	51,27%	33,00%	0,00%	15,72%
Artes e Humanidades II	66,01%	18,02%	9,80%	6,17%
SUG	**36,84%**	**30,36%**	**25,06%**	**19,38%**

Figura 51. Motivos para traballar fóra de Galicia.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Contratos e empresas

Os seguintes resultados permiten analizar a estabilidade do traballo dos titulados na súa primeira toma de contacto co mercado laboral, unha vez rematada a titulación. Tendo en conta que o traballo de campo se levou a cabo en maio e xuño de 2009 para os titulados no curso 2006-2007, estes resultados describen os dous primeiros anos no mercado laboral dos titulados. A Táboa 9 recolle o número medio de contratos e o número medio de empresas do total do SUG e das distintas ramas.

Os titulados do SUG estiveron, unha vez finalizados os estudos, en 2,03 empresas con 3,33 contratos distintos. Os datos, en canto ao número de empresas, son moi semellantes en todas as ramas de coñecemento. En canto ao número de contratos existe un pouco máis de dispersión. Os titulados que máis cambian de contrato son os de Ciencias da Saúde, 8,19 contratos, mentres que os que menos cambian son os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II con 2,12 contratos, en media.

Táboa 9. Número de contratos e número de empresas dos titulados no SUG, desde a consecución do título. Media por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Número de contratos	Número de empresas
Ciencias da Saúde	2,08	8,19
Ciencias	1,93	2,20
Enxeñaría e Arquitectura	1,79	2,25
Ciencias Sociais e Xurídicas I	1,98	3,05
Ciencias Sociais e Xurídicas II	1,91	2,12
Ciencias Sociais e Xurídicas III	2,18	2,88
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	2,56	3,30
Artes e Humanidades I	2,19	2,58
Artes e Humanidades II	2,30	2,19
SUG	**2,03**	**3,33**

Máis dun 50% dos titulados que está ocupando un posto de traballo leva traballando nel menos dun ano, e só un 12% leva máis de dous anos. Este resultado é bastante esperado xa que moitos dos titulados levan menos deste tempo coa titulación rematada. Ao analizar os datos por ramas de coñecemento, obsérvanse diferenzas, como que máis do 40% dos titulados da rama de Enxeñaría e Arquitectura levan cun contrato máis de ano e medio, fronte ao 15% dos da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas IV (véxase a Táboa 10 e a Figura 53).

Figura 52. Número de empresas e contratos.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Figura 53. Tempo que leva no posto de traballo.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



En canto ao tipo de empresas en que están a traballar destaca que máis da metade se trate de empresas con menos de 50 empregados, é só no caso dos empregados da rama de Ciencias da Saúde abunden as empresas de máis de 250 empregados, esta porcentaxe explícase polo tipo de empresas/ institucións en que tradicionalmente se emprega este colectivo: grandes hospitais (véxase a Táboa 11 e a Figura 54).

Táboa 10. Tempo que leva no posto de traballo.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	6 meses ou menos	Entre 6 e 12 meses	Entre 12 e 18 meses	Entre 18 e 24 meses	Máis de 24 meses
Ciencias da Saúde	25,82%	32,81%	17,99%	17,93%	5,45%
Ciencias	25,45%	26,23%	18,98%	18,70%	10,64%
Enxeñaría e Arquitectura	18,16%	17,74%	23,78%	24,94%	15,38%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	17,58%	22,88%	20,13%	22,24%	17,17%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	21,20%	25,72%	16,91%	20,84%	15,32%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	26,06%	33,73%	11,06%	17,19%	11,95%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	36,65%	38,01%	10,33%	8,70%	6,31%
Artes e Humanidades I	32,77%	32,86%	11,61%	14,40%	8,35%
Artes e Humanidades II	25,94%	30,32%	14,42%	16,27%	13,05%
SUG	**23,34%**	**27,27%**	**17,34%**	**19,63%**	**12,42%**

Figura 54. Número de empregados da empresa en que traballa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



En canto ao tipo de xornada de traballo, a maioría dos titulados do SUG (79,36%) traballan a tempo completo para a súa empresa. Isto é así en todas as ramas de coñecemento, salvo en Artes e Humanidades II onde o traballo a tempo completo e a tempo parcial están case equiparados, cun 48,61% e 51,39% dos titulados, respectivamente (Táboa 12 e Figura 55).

Táboa 11. Número de empregados da empresa en que traballa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	1 persoa	Entre 2 e 9 persoas	Entre 10 e 49 persoas	Entre 50 e 99 persoas	Entre 100 e 149 persoas	Entre 150 e 199 persoas	Entre 200 e 249 persoas	250 ou máis persoas
Ciencias da Saúde	5,17%	21,51%	12,18%	4,29%	4,49%	2,60%	2,63%	47,14%
Ciencias	2,24%	22,72%	26,54%	5,94%	5,19%	5,29%	3,41%	28,67%
Enxeñaría e Arquitectura	5,92%	15,27%	24,92%	9,97%	5,19%	2,77%	3,70%	32,25%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	2,74%	24,18%	19,18%	8,16%	4,76%	2,70%	2,26%	36,01%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	10,30%	23,82%	17,82%	6,91%	6,01%	4,89%	4,47%	25,78%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	3,81%	21,49%	37,20%	13,79%	3,86%	2,00%	0,91%	16,93%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	0,68%	17,39%	35,91%	11,12%	4,40%	2,91%	5,00%	22,59%
Artes e Humanidades I	8,79%	28,67%	25,41%	11,79%	5,62%	1,60%	0,00%	18,11%
Artes e Humanidades II	14,06%	25,29%	22,31%	8,39%	3,71%	5,85%	0,90%	19,48%
SUG	**5,30%**	**21,13%**	**24,72%**	**9,16%**	**4,78%**	**3,08%**	**2,64%**	**29,19%**

Táboa 12. Porcentaxe de titulados no SUG en cada tipo de xornada (tempo parcial e tempo completo) dos que traballan por conta allea. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Tempo parcial	Tempo completo
Ciencias da Saúde	18,11%	81,89%
Ciencias	16,96%	83,04%
Enxeñaría e Arquitectura	9,39%	90,61%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	9,95%	90,05%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	14,72%	85,28%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	38,40%	61,60%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	16,27%	83,73%
Artes e Humanidades I	33,42%	66,58%
Artes e Humanidades II	51,39%	48,61%
SUG	**20,64%**	**79,36%**

Figura 55. Tipo de xornada laboral.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 13. Modalidades de contratación para os titulados do SUG

Tipo de contrato	% de titulados		
Por conta propia	8,75%	% de titulados	
	Dado de alta	82,93%	
	Non dado de alta	17,07%	
Por conta allea	91,25%		
	Sen contrato	3,76%	
	Con contrato	96,24%	% de titulados
		Indefinido	38,62%
		Eventual	34,98%
		Prácticas	10,15%
		Bolsa	2,66%
		Outro	13,59%

Figura 56. Modalidades de contratación para os titulados do SUG



O tipo de contrato foi clasificado, en primeiro termo, por conta propia (dado ou non dado de alta) e por conta allea. Aos que traballaban por conta allea pedíuselles, ademais, que indicasen se tiñan contrato ou non e, en caso afirmativo, requiriuse o tipo de contrato. Na Táboa 13 vemos que o 91,25% dos titulados no SUG que traballan fano por conta allea. Do 96,24% que ten contrato, preto dun 38,62% son indefinidos e un 34,98% ten un contrato eventual. Tan só o 8,75% traballa por conta propia e, deles, un 82,93% está dado de alta. A Figura 56 representa a distribución destes datos.

Por ramas de coñecemento (véxase a Táboa 14), son os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II (16,96%) e os de Artes e Humanidades I (17,17%) e Artes e Humanidades II (16,66%) os que nunha maior porcentaxe traballan por conta propia. A porcentaxe máis baixa corresponde aos titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas IV, onde tan só un 2,03% traballa por conta propia. Na Táboa 14 preséntanse as porcentaxes de titulados por ramas de coñecemento que están traballando por conta propia e por conta allea. A Táboa 15 recolle as porcentaxes de titulados no SUG dados de alta e non dados de alta, dos que traballan por conta propia. Finalmente, na Táboa 16 preséntanse a porcentaxe de titulados no SUG con contrato e sen contrato, dos que traballan por conta allea.

Táboa 14. Porcentaxe de titulados no SUG traballando por conta propia e por conta allea. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Conta propia	Conta allea
Ciencias da Saúde	9,34%	90,66%
Ciencias	5,72%	94,28%
Enxeñaría e Arquitectura	10,13%	89,87%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	5,11%	94,89%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	16,96%	83,04%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	4,68%	95,32%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	2,03%	97,97%
Artes e Humanidades I	17,17%	82,83%
Artes e Humanidades II	16,66%	83,34%
SUG	**8,75%**	**91,25%**

Táboa 15. Porcentaxe de titulados no SUG dados de alta e non dados de alta, dos que traballan por conta propia. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Conta propia	
	Dado de alta	Non dado de alta
Ciencias da Saúde	94,82%	5,18%
Ciencias	93,13%	6,87%
Enxeñaría e Arquitectura	93,15%	6,85%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	93,77%	6,23%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	96,58%	3,42%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	59,34%	40,66%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	100,00%	0,00%
Artes e Humanidades I	18,88%	81,12%
Artes e Humanidades II	60,04%	39,96%
SUG	**82,93%**	**17,07%**

Táboa 16. Porcentaxe de titulados no SUG con contrato e sen contrato, dos que traballan por conta allea. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Conta allea	
	Sen contrato	Con contrato
Ciencias da Saúde	1,43%	98,57%
Ciencias	2,39%	97,61%
Enxeñaría e Arquitectura	4,02%	95,98%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	1,25%	98,75%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	6,52%	93,48%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	4,67%	95,33%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	4,98%	95,02%
Artes e Humanidades I	6,36%	93,64%
Artes e Humanidades II	5,90%	94,10%
SUG	**3,76%**	**96,24%**

Táboa 17. Porcentaxe de titulados no SUG en cada tipo de contrato (indefinido, eventual, prácticas, bolsa, outros) dos que traballan por conta allea. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Tipo de contrato				
	Indefinido	Eventual	Prácticas	Bolsa	Outros
Ciencias da Saúde	33,82%	40,40%	9,84%	1,33%	14,61%
Ciencias	38,68%	33,23%	10,86%	8,52%	8,72%
Enxeñaría e Arquitectura	37,43%	29,07%	16,50%	2,80%	14,20%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	53,71%	26,78%	12,10%	1,91%	5,50%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	49,99%	25,52%	10,04%	1,66%	12,79%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	30,60%	45,79%	3,64%	1,00%	18,97%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	19,21%	53,37%	11,48%	4,63%	11,31%
Artes e Humanidades I	34,41%	35,80%	5,01%	3,93%	20,85%
Artes e Humanidades II	46,55%	27,77%	6,32%	5,20%	14,15%
SUG	**38,62%**	**34,98%**	**10,15%**	**2,66%**	**13,59%**

Con respecto ao tipo de contrato, a modalidade de contratación maioritaria é a indefinida, cun 38,62% de titulados, seguida pola contratación eventual (34,98%). A porcentaxe de titulados que traballan cun contrato en prácticas é do 10,15%, para o global do SUG. Por ramas de coñecemento, a que presenta unha maior porcentaxe de titulados cun contrato indefinido é Ciencias Sociais e Xurídicas I (53,71%), mentres que a que ten unha maior eventualidade é Ciencias Sociais e Xurídicas IV (53,37%). Dos titulados en

Enxeñaría e Arquitectura teñen contratos en prácticas un 16,50% das veces, mentres que os de Ciencias son os que máis traballan con bolsas (8,52%).

Salario

A determinación do nivel retributivo dos titulados ao inicio da súa vida laboral é outro dos aspectos relevantes para caracterizar o proceso de inserción no mercado de traballo. Neste sentido, débese ter en conta o tempo que levan traballando os titulados de 2006-2007: máis do 50% traballa desde hai un ano ou menos e o 12% traballa desde hai máis de dous anos. A análise descritiva que se realiza a continuación permite avaliar, entre outros aspectos, o grao de igualdade salarial en función do sexo ou a incidencia do *mileurismo* sobre este colectivo de titulados que xa se atopan traballando, segundo cada unha das ramas de coñecemento e a nivel SUG. En relación co salario mensual dos titulados, as categorías que se utilizaron foron: menos de 500 euros, de 500 a 1.000 euros, de 1.000 a 1.500 euros, de 1.500 a 2.000 euros e máis de 2.000 euros.

Figura 57. Distribución dos titulados segundo o salario. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 18. Distribución dos titulados no SUG segundo o salario mensual

Salario mensual (en €)	% de titulados
Menos de 500	5,62%
De 500 a 1.000	31,87%
De 1.000 a 1.500	40,63%
De 1.500 a 2.000	17,73%
Máis de 2.000	4,14%

Na Táboa 18 e na Figura 57 amósase a distribución dos titulados do SUG. Segundo o salario mensual, máis dun 62,51% dos titulados teñen un salario superior aos mil euros. A distribución non é homoxénea para todas as ramas de coñecemento, como se pode observar na Táboa 19. A porcentaxe de titulados cun salario mensual superior aos 1.000 euros varía entre o 79,76% da rama de Enxeñaría e Arquitectura ata o 28,3% da rama de Artes e Humanidades II. Se nos restrinximos ao tramo de salarios máis alto (superior a 2.000 euros mensuais), as diferenzas entre ramas son maiores. Resulta destacable que neste caso a porcentaxe maior corresponda a de Ciencias cun 6,24% dos titulados que perciben un salario mensual superior aos 2.000 euros. Este feito pode ser debido ao elevado número de titulados desta rama que consigue unha oposición ou entrar nas listas de substitucións de interinos no ensino.

O salario medio dun titulado do SUG é de 1.175,74 euros mensuais. Na Táboa 20 inclúense os salarios medios por ramas de coñecemento e sexo, observando que o rango de variación vai desde os pouco máis de novecentos euros dun titulado en Artes e Humanidades II ata os máis de 1.300 de Ciencias da Saúde. A diferenza do salario por sexos favorece aos homes en case todas as ramas de coñecemento, tan só en Ciencias Sociais e Xurídicas IV o salario das mulleres é lixeiramente superior.

Táboa 19. Distribución dos titulados no SUG segundo o salario mensual. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Menos de 500 €	500-1.000 €	1.000-1.500 €	1.500-2.000 €	Máis de 2.000 €
Ciencias da Saúde	2,84%	23,26%	36,55%	28,37%	8,98%
Ciencias	1,74%	38,93%	51,10%	5,55%	2,68%
Enxeñaría e Arquitectura	2,37%	17,88%	52,02%	21,49%	6,24%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	1,08%	36,19%	47,82%	11,19%	3,71%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	5,00%	47,27%	32,46%	14,54%	0,73%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	11,41%	31,38%	33,83%	21,52%	1,86%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	4,63%	55,03%	29,09%	7,74%	3,51%
Artes e Humanidades I	11,32%	29,16%	41,03%	15,63%	2,86%
Artes e Humanidades II	24,20%	47,51%	14,79%	10,01%	3,50%
SUG	**5,62%**	**31,87%**	**40,63%**	**17,73%**	**4,14%**

Táboa 20. Salario medio mensual. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG por sexo. (1): Dato non significativo para este grupo

Ramas	Salario medio mulleres	Salario medio homes	Salario medio
Ciencias da Saúde	1.315,88	1.516,57	1.342,66
Ciencias	1.065,33	1.289,87	1.096,04
Enxeñaría e Arquitectura	1.265,28	1.340,80	1.311,57
Ciencias Sociais e Xurídicas I	1.100,18	1.265,34	1.153,48
Ciencias Sociais e Xurídicas II	1.000,74	1.256,33	1.053,59
Ciencias Sociais e Xurídicas III	1.083,37	1.311,89	1.128,04
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	1.019,55	1.000,35	1.011,56
Artes e Humanidades I	951,67	- (1)	1.120,39
Artes e Humanidades II	887,57	- (1)	903,92
SUG	**1.130,55**	**1.319,44**	**1.175,74**

O posto de traballo en relación coa titulación acadada

Neste apartado analízase a percepción dos titulados sobre o grao de adecuación entre o posto de traballo que desempeñan e a titulación acadada. A Figura 58 e a Táboa 21 mostran esta valoración segundo cada unha das ramas de coñecemento.

Como se pode observar, no total do SUG, un 80,03% dos titulados considera que o posto de traballo se adecúa moito ou bastante á titulación realizada. Pero esta porcentaxe elévase ao 95% no caso de Ciencias da Saúde. No lado oposto, un 8,16% dos titulados considera que o posto non se adecúa en absoluto á titulación ou o fai máis ben pouco, destacando as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas II en que esta porcentaxe se eleva ao 15,17%.

Figura 58. Posto de traballo acorde coa titulación.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



A Figura 59 e a Táboa 22 mostran o grao en que os titulados consideran necesaria formación específica adicional para o desempeño do posto. A nivel SUG, un 27,73% considera que dita formación é moi necesaria ou bastante.

Por ramas de coñecemento, manifestando a necesidade desta formación, destacan as ramas de Ciencias (37,12%), de Ciencias Sociais e Xurídicas II (32,66%) e Enxeñaría e Arquitectura (30,57%). Considerando non necesaria esta formación, destacan as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas IV (72,87%), e Artes e Humanidades I (72,51%).

Táboa 21. Grao de adecuación entre o posto de traballo e a titulación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ciencias da Saúde	0,35%	0,35%	4,38%	23,66%	71,25%
Ciencias	5,69%	1,21%	14,60%	29,33%	49,18%
Enxeñaría e Arquitectura	3,30%	3,41%	13,89%	34,90%	44,49%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	4,83%	5,75%	14,12%	32,92%	42,38%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	6,58%	8,59%	17,92%	23,71%	43,21%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	5,76%	2,96%	8,31%	24,70%	58,27%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	5,84%	1,94%	18,78%	26,30%	47,14%
Artes e Humanidades I	11,39%	0,00%	10,40%	30,53%	47,68%
Artes e Humanidades II	10,08%	1,22%	7,97%	33,32%	47,40%
SUG	**4,85%**	**3,31%**	**11,81%**	**28,78%**	**51,25%**

A Figura 60 e a Táboa 23 mostran a opinión dos titulados sobre o grao de consonancia entre a situación laboral acadada e o esforzo realizado ao cursar a titulación. A nivel SUG, o 56,17% considera que esta correlación é alta ou moi alta, mentres que un 24,02% considera que é baixa ou nula. As ramas de coñecemento en que esta correlación se percibe en maior medida como alta ou moi alta son Ciencias da Saúde (70%) e Ciencias Sociais e Xurídicas III (60,46%). As ramas en que os titulados manifestan en maior medida que non existe relación, ou esta é baixa, entre o esforzo realizado na carreira e a situación laboral acadada son: Artes e Humanidades I (32,44%) e II (28,60%), e Ciencias (31,39%).

Figura 59. Necesidade de formación específica.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 22. Necesidades de formación específica.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ciencias da Saúde	61,13%	7,26%	8,26%	11,38%	11,98%
Ciencias	42,13%	10,34%	10,31%	22,54%	14,68%
Enxeñaría e Arquitectura	45,23%	11,68%	12,52%	18,79%	11,78%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	47,91%	13,42%	9,66%	17,43%	11,59%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	51,29%	5,34%	10,70%	19,48%	13,18%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	59,72%	7,42%	8,76%	11,56%	12,53%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	59,66%	13,21%	6,68%	19,18%	1,26%
Artes e Humanidades I	58,23%	14,28%	3,92%	16,71%	6,86%
Artes e Humanidades II	63,99%	4,36%	10,26%	10,57%	10,82%
SUG	**52,99%**	**9,57%**	**9,72%**	**16,11%**	**11,62%**

Figura 60. Situación acorde co esforzo realizado.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 23. Situación acorde co esforzo realizado.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ciencias da Saúde	8,91%	5,95%	15,15%	36,04%	33,96%
Ciencias	18,36%	13,03%	20,59%	23,68%	24,34%
Enxeñaría e Arquitectura	13,11%	12,33%	24,16%	31,69%	18,71%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	15,29%	9,12%	18,41%	35,12%	22,06%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	13,35%	8,00%	24,32%	34,68%	19,64%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	13,53%	10,49%	15,52%	30,31%	30,15%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	16,04%	9,28%	20,25%	37,73%	16,71%
Artes e Humanidades I	15,51%	16,93%	20,72%	25,07%	21,77%
Artes e Humanidades II	22,10%	6,50%	24,51%	28,17%	18,72%
SUG	**13,94%**	**10,08%**	**19,80%**	**32,00%**	**24,17%**

A Figura 61 e a Táboa 24 mostran a opinión dos titulados sobre o grao de consideración da titulación na empresa en que traballan. A nivel SUG, un 77,92% consideran que a titulación cursada está moi ben ou bastante ben considerada na súa empresa. Pola contra, só un 7,60% consideran que a súa titulación está nada ou pouco considerada na súa empresa.

Por ramas de coñecemento, as titulacións mellor consideradas na empresa, segundo a opinión dos titulados son as das ramas de Ciencias da Saúde cun 85,19% de casos en que a titulación está moi ben ou bastante ben considerada, e Ciencias Sociais e Xurídicas I (81,02%). Pola contra, as titulacións que se perciben peor consideradas son as das ramas de Artes e Humanidades I cun 20,28% de titulados que opinan que está nada ou pouco consideradas e, a máis distancia, Ciencias Sociais e Xurídicas IV, cun 10,35%.

Figura 61. Titulación ben considerada na empresa.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



A Figura 62 e a Táboa 25 mostran o nivel de satisfacción dos titulados co grao de consideración que a escola ou facultade merecen na empresa en que traballan. A nivel SUG, un 62,20% está bastante ou moi satisfeito, mentres que un 11,97% está nada ou pouco satisfeito con esa consideración.

Por ramas de coñecemento, os máis satisfeitos son os titulados da rama de Ciencias da Saúde (74,86%), seguidos polos de Artes e Humanidades II (69,51%), e de Ciencias Sociais e Xurídicas III (67,59%) e I (65,86%).

Táboa 24. Titulación ben considerada na empresa.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ciencias da Saúde	1,50%	3,48%	9,83%	41,08%	44,11%
Ciencias	3,10%	2,97%	13,96%	36,64%	43,33%
Enxeñaría e Arquitectura	2,34%	4,88%	13,92%	43,23%	35,63%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	3,54%	3,99%	11,45%	49,76%	31,26%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	2,85%	2,64%	15,53%	47,03%	31,95%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	4,29%	4,41%	11,67%	38,02%	41,60%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	8,68%	1,67%	28,01%	30,71%	30,92%
Artes e Humanidades I	11,03%	9,25%	12,20%	34,80%	32,71%
Artes e Humanidades II	4,72%	4,99%	15,33%	35,12%	39,84%
SUG	**3,59%**	**4,12%**	**13,30%**	**41,51%**	**37,48%**

Pola contra, Ciencias Sociais e Xurídicas II (20,65%) e Artes e Humanidades I (17,29%) son as ramas con maior porcentaxe de titulados nada ou pouco satisfeitos co grao de consideración que a Escola ou Facultade posúe na empresa en que traballan.

Figura 62. Escola/facultade ben considerada.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 25. Escola/facultade ben considerada na empresa.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ciencias da Saúde	4,34%	4,89%	15,91%	44,61%	30,25%
Ciencias	1,35%	6,68%	24,85%	33,32%	33,80%
Enxeñaría e Arquitectura	4,37%	10,06%	25,49%	38,40%	21,68%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	4,26%	6,73%	23,15%	44,82%	21,04%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	8,85%	11,80%	22,11%	41,89%	15,35%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	3,47%	6,48%	22,45%	37,04%	30,55%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	3,52%	8,60%	40,54%	22,49%	24,86%
Artes e Humanidades I	11,19%	6,10%	25,68%	36,62%	20,41%
Artes e Humanidades II	0,52%	12,07%	17,90%	44,40%	25,11%
SUG	**4,49%**	**7,91%**	**23,13%**	**39,39%**	**25,08%**

A Figura 63 e a Táboa 26 mostran o nivel de satisfacción dos titulados coa valoración de que son obxecto na empresa. A nivel SUG, un 73,29% dos titulados atópanse bastante ou moi satisfeitos con esta valoración. En contrapartida, un 8,96% considéranse nada ou pouco valorados nas súas empresas.

Por ramas de coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas III (81,96%) é a rama con máis titulados moi ou bastante satisfeitos con esta valoración, seguida de Artes e Humanidades II (78,05%). No lado contrario, destacan Artes e Humanidades I (22,46%) e a maior distancia Artes e Humanidades II (10,89%) e Enxeñaría e Arquitectura (10,71%) como as ramas con maior porcentaxe de titulados nada ou pouco satisfeitos con como son valorados na súa empresa.

A Figura 64 e a Táboa 27 mostran a opinión dos titulados sobre o grao de utilidade dos coñecementos adquiridos na carreira. No conxunto do SUG, un 59,42% dos titulados considera que estes coñecementos foron de bastante ou moita utilidade. Pola contra, un 16,39% considera que esta utilidade é nula ou baixa.

Figura 63. Valorado na empresa.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 26. Valorado na empresa.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ciencias da Saúde	4,11%	2,90%	18,80%	47,57%	26,63%
Ciencias	4,31%	4,94%	17,02%	49,64%	24,10%
Enxeñaría e Arquitectura	4,50%	6,21%	20,56%	46,84%	21,88%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	2,63%	6,59%	17,30%	49,22%	24,27%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	3,86%	4,71%	21,65%	47,17%	22,61%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	2,40%	3,18%	12,46%	44,64%	37,32%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	4,26%	4,50%	21,85%	44,55%	24,83%
Artes e Humanidades I	10,32%	12,14%	19,14%	35,19%	23,21%
Artes e Humanidades II	6,67%	4,22%	11,07%	50,98%	27,07%
SUG	**3,96%**	**5,00%**	**17,64%**	**46,64%**	**26,65%**

Por ramas de coñecemento, Ciencias da Saúde (74,79%) e Artes e Humanidades I (67,50%) son as ramas cuxos titulados consideran máis útiles os coñecementos adquiridos ao realizar os seus estudos. No lado contrario, destacan as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas I (12,69%), Ciencias (20,12%) e Artes e Humanidades I (19,89%) como as de maior porcentaxe

de titulados que consideran que os coñecementos adquiridos resultaron nada ou pouco útiles.

Táboa 27. Os coñecementos adquiridos foron de utilidade.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ciencias da Saúde	2,34%	4,61%	18,26%	38,46%	36,33%
Ciencias	7,55%	12,57%	22,98%	30,80%	26,10%
Enxeñaría e Arquitectura	3,65%	12,93%	27,01%	32,79%	23,61%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	8,85%	13,84%	27,84%	29,35%	20,12%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	5,50%	13,00%	27,58%	31,12%	22,80%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	5,49%	10,38%	24,35%	31,30%	28,47%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	8,07%	9,39%	22,25%	38,48%	21,81%
Artes e Humanidades I	8,37%	11,52%	12,61%	41,31%	26,19%
Artes e Humanidades II	5,77%	4,36%	22,97%	29,21%	37,69%
SUG	**5,54%**	**10,85%**	**24,18%**	**32,90%**	**26,52%**

Figura 64. Os coñecementos adquiridos foron de utilidade.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



A Figura 65 e a Táboa 28 mostran a opinión dos titulados sobre as posibilidades de promoción que teñen na súa empresa. A nivel SUG, un 51,70% considera que esas posibilidades son moitas ou bastantes, mentres que un 29,21% considera que son nulas ou poucas.

Por ramas de coñecemento, as mellores perspectivas téñense en Ciencias Sociais e Xurídicas II (61,55%) e en Ciencias Sociais e Xurídicas I (58,64%), mentres que as peores atópanse en Artes e Humanidades II, cun 48,35% de titulados que consideran que teñen nulas ou poucas posibilidades de promoción, Ciencias Sociais e Xurídicas IV (39,08%) e Artes e Humanidades I (37,85%).

Figura 65. Posibilidades de promoción na empresa.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



A Figura 66 e a Táboa 29 mostran a percepción dos titulados sobre o grao de estabilidade do seu traballo actual. No conxunto do SUG, un 52,42% dos titulados consideran que o seu traballo é moi ou bastante estable mentres que un 30,72% considérano nada ou pouco estable.

Táboa 28. Posibilidades de promoción na empresa.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Ningunha	Poucas	Algunha	Bastantes	Moitas
Ciencias da Saúde	20,29%	11,85%	16,34%	35,74%	15,78%
Ciencias	16,27%	12,43%	21,35%	37,87%	12,07%
Enxeñaría e Arquitectura	12,91%	11,75%	21,85%	34,22%	19,27%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	14,60%	9,83%	16,94%	35,93%	22,71%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	14,81%	5,53%	18,11%	42,31%	19,24%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	17,53%	14,91%	19,38%	31,22%	16,95%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	23,25%	15,83%	20,30%	28,47%	12,16%
Artes e Humanidades I	29,35%	8,50%	21,97%	27,99%	12,18%
Artes e Humanidades II	38,16%	10,19%	23,48%	22,28%	5,89%
SUG	**17,52%**	**11,55%**	**19,50%**	**34,28%**	**17,16%**

Por ramas de coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas I e II cun 58,23% e 61,43%, respectivamente, e Ciencias da Saúde (56,34%) son as ramas en que os titulados consideran máis os seus postos de traballo, como moi ou bastante estables. En contrapartida, Artes e Humanidades II (60,18%) e Artes e Humanidades I (43,26%) son as ramas en que os titulados consideran en maior medida os seus postos de traballo como nada ou pouco estables.

Figura 66. Traballo estable. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 29. Traballo estable.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ciencias da Saúde	17,67%	9,98%	16,01%	36,18%	20,16%
Ciencias	22,04%	13,32%	18,75%	29,93%	15,97%
Enxeñaría e Arquitectura	15,77%	11,63%	19,30%	33,98%	19,32%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	17,17%	8,72%	15,88%	34,70%	23,53%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	12,36%	9,29%	16,92%	25,24%	36,19%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	21,25%	12,38%	14,62%	21,96%	29,79%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	21,32%	12,89%	26,62%	28,31%	10,86%
Artes e Humanidades I	31,78%	11,48%	18,29%	16,27%	22,18%
Artes e Humanidades II	43,52%	16,66%	4,72%	15,84%	19,26%
SUG	**19,43%**	**11,29%**	**16,86%**	**29,01%**	**23,41%**

A Figura 67 e a Táboa 30 mostran a opinión dos titulados sobre o seu nivel retributivo actual. No conxunto do SUG un 46,50% considera que o seu salario é moi ou bastante adecuado. En contrapartida, un 31,29% considérao nada ou pouco adecuado.

Por ramas de coñecemento, os titulados máis satisfeitos co seu salario son os de Ciencias Sociais e Xurídicas III cun 55,81% de titulados que consideran o seu salario moi ou bastante adecuado, seguidos dos de Ciencias da Saúde, cun 52,60%. No lado contrario, as ramas con maior número de insatisfeitos co seu salario son Artes e Humanidades II cun 45,31% que consideran que o seu salario é nada ou pouco adecuado, e Ciencias Sociais e Xurídicas II, cun 37,07%.

Figura 67. Nivel retributivo adecuado.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



A Figura 68 e a Táboa 31 mostran ata que punto os titulados traballan na zona xeográfica desexada. No conxunto do SUG, ante a pregunta de se traballan na zona xeográfica desexada, un 80,39% dos titulados responden que moito ou bastante. Pola contra, un 12,63% contestan que pouco ou nada están de acordo con esa afirmación.

Por ramas de coñecemento, os máis conformes coa zona xeográfica en que traballan son os titulados de Ciencias da Saúde, para o 85,45% destes a zona xeográfica en que traballan está moi ou bastante de acordo cos seus desexos, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas II cun 81,08%.

Táboa 30. Nivel retributivo adecuado.
Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG

Ramas	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ciencias da Saúde	14,29%	12,82%	20,28%	36,46%	16,14%
Ciencias	15,32%	15,24%	25,89%	31,90%	11,65%
Enxeñaría e Arquitectura	15,39%	18,33%	25,79%	31,09%	9,41%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	16,13%	14,10%	23,12%	32,77%	13,87%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	19,93%	18,78%	24,22%	24,16%	12,91%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	14,52%	11,39%	18,28%	33,70%	22,11%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	22,87%	12,56%	25,17%	24,67%	14,74%
Artes e Humanidades I	15,99%	11,63%	23,36%	38,43%	10,59%
Artes e Humanidades II	30,65%	15,16%	8,89%	37,83%	7,48%
SUG	**16,56%**	**14,73%**	**22,21%**	**32,20%**	**14,30%**

Pola contra, as ramas con maior número de titulados insatisfeitos a este respecto son as de Artes e Humanidades I e II cun 16,94% traballando en zonas nada ou pouco de acordo cos seus desexos, seguidos dos de Ciencias Sociais e Xurídicas I, cun 16,08%.

Figura 68. Zona xeográfica. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG



Táboa 31. Traballa na zona xeográfica desexada.
Resultados por ramas de coñecemento, e para o total do SUG

Ramas	Nada	Pouco	Algo	Bastante	Moito
Ciencias da Saúde	6,24%	3,59%	4,72%	24,41%	61,04%
Ciencias	8,78%	3,38%	6,98%	27,85%	53,00%
Enxeñaría e Arquitectura	9,90%	4,67%	8,32%	29,41%	47,69%
Ciencias Sociais e Xurídicas I	12,49%	3,49%	6,54%	27,26%	50,22%
Ciencias Sociais e Xurídicas II	7,74%	1,44%	9,74%	21,95%	59,13%
Ciencias Sociais e Xurídicas III	8,40%	1,77%	5,90%	26,25%	57,68%
Ciencias Sociais e Xurídicas IV	5,89%	7,99%	11,01%	27,65%	47,46%
Artes e Humanidades I	12,08%	5,14%	3,87%	27,03%	51,88%
Artes e Humanidades II	14,03%	2,91%	5,92%	21,82%	55,33%
SUG	**9,21%**	**3,42%**	**6,98%**	**26,42%**	**53,97%**

Competencias requiridas no traballo actual

A avaliación das competencias adquiridas durante os estudos e a súa necesidade no desempeño do traballo dos titulados universitarios é un factor común que hai que analizar cando se pretende describir o proceso de inserción laboral. Se cabe, esta descrición faise máis relevante cando o deseño das titulacións adaptadas ao EEES se basea nas competencias requiridas no emprego. A Figura 69 mostra a nivel SUG a valoración dos titulados sobre a importancia de diferentes competencias para o desempeño do traballo actual.

As valoracións da necesidade das competencias no traballo son semellantes ás de estudos anteriores, sendo as consideradas máis importantes no presente estudo, por esta orde: *Motivación*, *Capacidade de aprendizaxe* e *Capacidade para resolver problemas*, todas elas cun 4,5 sobre 5. Valoracións similares merecen, cun 4,4: *Comunicación oral*, *Capacidade de asumir responsabilidades* e *Traballo en equipo*. Cunha valoración de 4,3 sitúanse: *Adaptabilidade*, *Coñecementos prácticos no seu campo* e *Lealdade e honestidade*.

As competencias consideradas menos importantes son por esta orde: *Coñecementos de idiomas* (3,3), *Capacidade de liderado* (3,4) e *Creatividade* (3,7).

Figura 69. Competencias requiridas. Resultados para o total do SUG



A continuación, analízase esta valoración por ramas de coñecemento. A Figura 70 recolle os resultados das ramas de Ciencias da Saúde, Ciencias, e Enxeñaría e Arquitectura, por referencia ao total do SUG. O perfil de competencias máis diferenciado obtense para a rama de Ciencias da Saúde, no sentido seguinte:

- Destaca pola súa menor valoración nesta rama, comparada coas outras dúas ramas e o total do SUG, en primeiro lugar *Coñecementos de informática* e *Coñecementos de idiomas*, a primeira con diferenzas de máis dun punto por exemplo, con Enxeñaría e Arquitectura.
- A importancia de *Creatividade*, e de *Coñecementos de idiomas* é menos valorada nesta rama en medio punto aproximadamente.
- Así mesmo, a importancia de *Capacidade de liderado* é menos valorada en Ciencias da Saúde, pero tamén na rama de Ciencias.
- Finalmente, a importancia de *Coñecementos prácticos no seu campo* e, en menor medida, de *Capacidade de asumir responsabilidades*, valóranse máis en Ciencias da Saúde que nas outras dúas ramas e no total do SUG.

Figura 70. Competencias requiridas. Resultados para as ramas de Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, e para o total do SUG [3]



A Figura 71 mostra os resultados das ramas Ciencias Sociais e Xurídicas I, II, III e IV, por referencia ao total do SUG. O perfil máis diferenciado neste grupo corresponde a Ciencias Sociais e Xurídicas III, pois a importancia de moitas competencias (especialmente, *Creatividade*) valórase máis que nas demais ramas comparadas no gráfico e no total do SUG. A única excepción a esta regra maioritaria é a *Capacidade de traballo baixo presión*, cuxa importancia é menos valorada que nas outras ramas do gráfico e no total SUG.

Con respecto ás outras ramas, destaca Ciencias Sociais e Xurídicas III en relación cos *Coñecementos de idiomas*, menos valorados que no resto das ramas mostradas no gráfico.

3 *Nestas gráficas reduciuse a escala (orixinal de 1 a 5) para poder apreciar mellor as diferenzas.*

Figura 71. Competencias requiridas. Resultados para as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas I, II, III e IV, e para o total do SUG



A Figura 72 mostra os resultados para as ramas de Artes e Humanidades I e II, por referencia ao total do SUG. Respecto diso destaca a rama de Artes e Humanidades I, pola súa menor valoración da importancia de competencias como: *Pensamento crítico*, *Capacidade de análise*, *Capacidade de asumir responsabilidades*, *Capacidade para resolver problemas* e *Capacidade de planificación, coordinación e organización*.

Esta diferenza é máis importante en materia de *Coñecementos de idiomas*, pero nela ambas as ramas están por encima da media do SUG.

Figura 72. Competencias requiridas. Resultados para as ramas de Artes e Humanidades I e II, e para o total do SUG



Valoración final da traxectoria universitaria

A información que facilitan os titulados da súa traxectoria universitaria é de grande importancia para implantar programas de mellora continua. Neste apartado relaciónanse as expectativas iniciais ao comezo dos estudos e a súa situación actual, podendo así estimar a satisfacción dos titulados do seu paso pola universidade. Ademais, tamén se obtén a percepción dos titulados sobre a súa titulación, a universidade en que cursaron estudos ou a formación universitaria, en xeral, cando se lles pregunta por se volverían a repetir o itinerario académico realizado.

A Figura 73 mostra a valoración dos titulados sobre o grao de coincidencia entre a liña profesional e as expectativas ao comezo da carreira, e sobre a necesidade de máis información na universidade para a procura de emprego.

Comparando ambos os aspectos, é interesante observar como a necesidade de información se sente con maior forza que a coincidencia entre expectativas e liña profesional actual. Isto sucede tanto a nivel SUG como en todas as ramas, fóra de Ciencias da Saúde, en que os titulados parecen ter máis

claro o perfil da súa titulación, pois nela, ambas as valoracións posúen a mesma forza debido a unha maior valoración do grao de coincidencia entre expectativas e liña profesional e a unha menor valoración desta necesidade de información.

Figura 73. Cumprimento das expectativas profesionais ao inicio da carreira, e necesidade de máis orientación laboral. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG



En relación co segundo aspecto, todas as ramas e a nivel SUG consideran en gran medida necesaria, por parte das universidades, unha maior información para a procura de emprego.

Con respecto ao grao de coincidencia entre liña profesional e expectativas iniciais, a valoración é moderadamente alta a nivel SUG e en todas as ramas, destacando Ciencias Sociais e Xurídicas IV como a rama en que esta coincidencia se considera menor, pero iso non vai acompañado dunha maior valoración de máis información laboral desde as universidades.

A Figura 74 mostra por rama de coñecemento e a nivel SUG, unha medida da satisfacción global dos titulados coa traxectoria universitaria realizada, avaliada a través da posibilidade de repetición do itinerario académico. O 88,50% dos titulados volverían cursar estudos universitarios. Deles, o

81,02% volvería elixir a mesma titulación, mentres que dos que repetirían a titulación, o 89,74% volvería facela na mesma universidade.

Por ramas de coñecemento, Ciencias Sociais e Xurídicas II, cun 91,53% e Ciencias da Saúde, co 90,27%, son as ramas con porcentaxes máis altas de titulados que volverían á educación superior. En Ciencias da Saúde tamén é onde hai unha maior porcentaxe de titulados que elixirían a mesma titulación (o 82,18%), seguidos de Ciencias Sociais e Xurídicas III, cun 76,97%. Dos que repetirían a mesma titulación, a elección da mesma universidade é maioritaria en Ciencias Sociais e Xurídicas II (71,52%) e en Ciencias da Saúde (70,35%). Pola contra, son os titulados da rama de Ciencias os que presentan as porcentaxes máis baixas en canto á repetición do itinerario académico. Nesta rama, o 83,17% afirman que volverían cursar estudos universitarios. Deles, o 60,32% repetiría a mesma titulación e un 56,02% faríao na mesma universidade.

Figura 74. Repetición do itinerario académico.
Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG



8. Conclusións

06-07

8. Conclusións

Case un 75% dos alumnos que acceden a estudos universitarios fano na titulación que elixen como primeira opción, feito que repercute positivamente na satisfacción dos titulados cos seus estudos.

Máis do 45% dos titulados rematou a titulación nos anos estipulados no plan de estudos, mentres que un 33,18% tarda un ou dous anos máis do planificado.

Un 19,03% dos titulados en 2006-2007 teñen estudos de *terceiro ciclo* ou de *posgrao* rematados. Deles, un 89,93% elixiu un *mestrado ou posgrao*, mentres que o 11,12% rematou estudos de *terceiro ciclo*.

Os motivos que levan a un titulado a cursar estudos de posgrao son *Estar en mellores condicións para atopar emprego* (54%) e polo *Desenvolvemento ou promoción laboral* (30%).

O 35,24% dos titulados considera que desde a súa universidade se lles facilitou bastante ou moito a realización de prácticas en empresas ou institucións. O 62% realizaron prácticas externas, considerándoas bastante ou moi útiles para a inserción laboral.

Estudaron a tempo completo o 62,46% dos titulados. De compaxinar traballo e estudo, a maioría fixérono cun traballo esporádico, mentres que os que tiveron un traballo a tempo completo supoñen un 15% no total do SUG.

Tan só un 21,27% dos titulados do SUG manifestaron non ter buscado emprego relacionado coa súa titulación.

Internet aparece como a vía máis utilizada de busca de emprego polos titulados, seguida de *Candidatura Espontánea*.

Entre os titulados, catro vías concentran o 61,45% dos primeiros empregos: *Internet*, *Candidatura Espontánea*, *Familiares/amizades* e *Prolongación de prácticas*.

O 62% dos titulados tarda tres meses ou menos en atopar o seu primeiro emprego despois da titulación. De media, os titulados tardan 4,79 meses en atopar o seu primeiro emprego.

Os titulados destacan como factores importantes na obtención dun emprego a *Actitude durante a entrevista*, a *Experiencia laboral relacionada*, ter *Mobilidade xeográfica*, *Aproveitar as oportunidades* e a *Titulación estudada*.

Os principais motivos para rexeitar unha oferta de traballo foron a *Existencia dunha oferta mellor*, unha *Oferta económica inadecuada*, un *Posto de cualificación inferior ao título* ou que *O traballo que hai que realizar non resultaba atractivo*.

O 34% de titulados do curso 2006-2007 continúa estudos universitarios, mentres que un 30% prepara oposicións.

A maioría dos titulados que seguen estudando fano nun *mestrado* ou *posgrao*, cunha demanda media dun 35,03% no SUG. Os estudos de *licenciaturas* ou *enxeñarías* cun 22,18% no SUG son os que ocupan o segundo posto, mentres que un 20,40% cursan un *título propio*.

O motivo principal para continuar os estudos é *Estar en mellores condicións de atopar emprego*, seguido polo *Desenvolvemento ou promoción laboral*.

A porcentaxe de titulados que está traballando é do 66%. A porcentaxe de titulados que está traballando, pero que o fan nun posto non relacionado coa súa titulación é do 3,37%.

O 86% dos titulados do SUG está traballando en Galicia, mentres que preto dun 13,24% faino fóra de Galicia, pero dentro do territorio nacional. A maioría indica que os motivos para traballar fóra de Galicia son por *Non atopar traballo en Galicia* ou por unha *Mellor oferta no exterior*.

Os titulados estiveron, unha vez finalizados os estudos, en 2,03 empresas con 3,33 contratos distintos. Máis da metade de empresas en que están a traballar son empresas con menos de 50 empregados.

O 91,25% dos titulados que traballan fano por conta allea. Tan só o 8,75% traballa por conta propia e, deles, un 82,93% está dado de alta. En canto ao tipo de xornada, o 80% traballa a tempo completo.

O 62,51% dos titulados do SUG ten un salario superior aos mil euros mensuais, sendo o salario medio dun titulado do curso 2006-2007 de 1.175,74 euros

O 80% dos titulados considera que o posto de traballo se adecúa moito ou bastante á titulación obtida, mentres que o 56% considera que o grao de consonancia entre a situación laboral acadada e o esforzo realizado ao cursar a titulación é alta ou moi alta.

As competencias consideradas como máis importantes para o traballo actual son *Motivación*, *Capacidade para a aprendizaxe*, *Capacidade para resolver problemas*, *Comunicación oral*, *Capacidade de asumir responsabilidades* e *Traballo en equipo*.

A maioría dos titulados considera necesaria, por parte da universidade, unha maior información para a procura de emprego.

O 88,50% dos titulados volvería cursar estudos universitarios. Deles, o 81,02% volvería elixir a mesma titulación, mentres que dos que repetirían a titulación, o 89,74% volvería facela na mesma universidade.

9.

Anexo I. Comparativa con estudos anteriores

06-07

9. Anexo I. Comparativa con estudos anteriores

Como xa se indicou, este é o quinto dunha serie de estudos de inserción laboral levados a cabo desde a ACSUG. Co obxectivo de facilitar a comparación nalgúns dos aspectos máis importantes do proceso de inserción laboral dos titulados, recóllense nas seguintes táboas os resultados relativos aos catro últimos estudos (PIL2001-2003, PIL2003-2005, PIL2005-2006 e PIL2006-2007).

Estuda, traballa, oposita

Un dos obxectivos principais neste tipo de estudos é estimar a proporción de titulados que entraron no mercado de traballo, aínda que ao tratarse de titulados recentes, e como xa se comentou previamente, tamén resulta significativa a porcentaxe de titulados que continúa estudos universitarios ou que prepara oposicións.

Táboa 32. Porcentaxe de titulados que prepara oposicións (no momento de realización da enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
Si	29,50%	25,82%	30,70%	27,72%
Non	70,50%	74,18%	69,30%	72,28%

Na Táboa 32 pódese observar que a porcentaxe de titulados que prepara oposicións superaba o 30% no PIL2003-2005, cunha lixeira diminución para o PIL2005-2006. No tocante á porcentaxe de titulados que continúa estudos (Táboa 33), obsérvase unha tendencia crecente, cun crecemento arredor dos dous puntos porcentuais dun estudo a outro.

Táboa 33. Porcentaxe de titulados que continúa estudos (no momento de realización da enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
Si	33,73%	32,24%	28,86%	29,66%
Non	66,27%	67,76%	71,14%	70,34%

Finalmente, a porcentaxe de titulados traballando (nun traballo relacionado) no momento de realización da enquisa diminuíu máis dun 9% desde o PIL2003-2005 ao PIL2006-2007, e tamén se reduciu a porcentaxe daqueles que traballan en algo non relacionado coa súa titulación (Táboa 34). A lectura destes resultados débese facer tendo en conta o comentado anteriormente, xa que, se ben a porcentaxe de titulados que entran no mercado de traballo diminúe, increméntase a daqueles que continúan estudos. Ademais, tamén diminuíu arredor dun 7% a porcentaxe de titulados que compaxinaban algunha destas tres alternativas ao finalizar os estudos superiores.

Táboa 34. Porcentaxe de titulados que traballa (no momento de realización da enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
Si	62,75%	63,60%	71,00%	55,70%
Si, pero non relacionado	3,37%	7,47%	5,94%	
Non	33,89%	28,93%	23,06%	44,30%

No tocante á busca de traballo, a porcentaxe de titulados que non buscaron traballo relacionado coa titulación reduciuse arredor dun 10% entre o PIL2005-2006 e o PIL2006-2007. Isto repercute positivamente na porcentaxe dos que si o buscaron e o atoparon, pasando dun 45% no PIL2005-2006 a un 52% no PIL2006-2007. Por ramas de coñecemento, poderíanse destacar as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas I, en que a porcentaxe de titulados que non buscaron traballo relacionado coa súa titulación se reduciu nun 13% con respecto ao estudo anterior, e a rama de Enxeñaría e Arquitectura, onde os que atoparon traballo relacionado se incrementou desde un 16% no PIL2005-2006 a un 61% no PIL2006-2007.

Na evolución da utilización e eficiencia das vías de busca de emprego, confírmase *Internet* como a vía máis utilizada, e tamén a primeira no número de empregos propiciados, seguida moi de preto de *Familiares e amizades* (reducíndose un 3% con respecto ao estudo anterior). Tamén cabe destacar a evolución positiva do número de contratos propiciados pola *prolongación das prácticas*, cun incremento de máis do 4% entre os dous últimos estudos.

Tipoloxía do contrato

A porcentaxe de titulados que traballa por conta propia incrementouse no PIL2006-2007, despois dunha caída rexistrada no PIL2005-2006 (véxase a Táboa 35). Dos que traballan por conta propia, tamén se incrementou a porcentaxe daqueles que están dados de alta, aínda que dos que traballan por conta allea, a porcentaxe de titulados que ten contrato reduciuse lixeiramente con respecto ao PIL2005-2006.

O contrato indefinido séguese mantendo como a modalidade de contratación máis habitual, aínda que cun lixeiro descenso con respecto ao PIL2005-2006. Tamén se reduce a porcentaxe de titulados en contratos eventuais, pero increméntase notablemente a porcentaxe de titulados noutro tipo de contratos.

Táboa 35. Tipo de contrato. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
Conta propia	8,75%	6,85%	7,58%	7,76%
Conta allea	91,25%	93,15%	92,42%	92,33%
Dado de alta	82,93%	78,39%	86,95%	88,84%
Non dado de alta	17,07%	21,61%	13,05%	11,16%
Con contrato	96,24%	97,28%	96,10%	95,62%
Sen contrato	3,76%	2,72%	3,90%	4,38%
Indefinido	38,62%	40,95%	39,74%	22,11%
Eventual	34,98%	40,23%	37,50%	49,02%
En prácticas	10,15%	10,65%	9,95%	13,20%
Bolsa	2,66%	2,45%	2,44%	7,58%
Outros	13,59%	5,72%	10,37%	8,09%

Tempo en atopar emprego, contratos e empresas

O tempo medio en atopar emprego pasou dos 5,53 meses no PIL2005-2006 aos 4,79 meses rexistrados neste estudo. Na Táboa 36 achégase a distribución dos titulados segundo o tempo que tardaron en atopar emprego, para os catro últimos estudos de inserción laboral da ACSUG. Como tónica xeral, pódese observar a redución da porcentaxe de titulados que tardan máis de 6 meses en atopar emprego. Con respecto ao estudo previo PIL2005-2006, incrementouse a porcentaxe daqueles que tardan entre 3 e 6 meses en atopar emprego, mentres que a porcentaxe de titulados que tarda entre 1 e 3 meses

mantense en niveis similares aos dos PIL2001-2003 e PIL2003-2005, despois dun notable incremento no PIL2005-2006.

Táboa 36. Distribución dos titulados segundo o tempo que tardan en atopar emprego despois do título. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
Menos de 1 mes	26,56%	1,68%	16,72%	16,52%
Entre 1 e 3 meses	34,81%	54,67%	34,75%	28,34%
Entre 3 e 6 meses	16,19%	15,90%	17,60%	19,35%
Entre 6 e 12 meses	14,50%	17,50%	20,08%	23,54%
Máis de 12 meses	7,94%	10,24%	10,85%	12,25%

A porcentaxe de titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo (Táboa 37) incrementouse un 4% con respecto ao estudo anterior, pero sen acadar as cotas do PIL2003-2005, onde máis da metade dos titulados rexeitaran algunha oferta.

Non hai cambios salientables no número de contratos que tiveron nin no número de empresas para as que traballaron desde a obtención do título (Táboa 38), que se manteñen arredor dos tres contratos en dúas empresas diferentes.

Táboa 37. Porcentaxe de titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
Si	44,88%	40,71%	54,42%	41,64%
Non	55,12%	59,29%	45,58%	58,36%

Táboa 38. Número de empresas e contratos desde a obtención do título. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
N.º de empresas	2,03	2,02	2,13	2,07
N.º de contratos	3,33	3,28	3,20	2,80

Salario

Respecto ao salario medio mensual (Táboa 39), a distribución dos titulados por tramos salariais mensuais, foi evolucionando ao longo dos estudos realizados. O peso dos tramos inferiores a 1.000 € diminuíu, sobre todo desde o PIL2001-2003. Por outra banda, o peso dos tramos máis altos incrementouse, por exemplo, desde o 5,20% dos titulados no SUG no curso 2001-2003 que manifestaron percibir máis de 1.500 € ata o 21,87% dos titulados do presente estudo.

Táboa 39. Distribución dos titulados segundo o salario medio mensual. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
Menos de 500 €	5,62%	5,81%	5,64%	17,00%
Entre 500 e 1000 €	31,87%	31,10%	33,85%	55,40%
Entre 1000 e 1500 €	40,63%	41,21%	35,25%	22,40%
Entre 1500 e 2000 €	17,73%	18,25%	13,93%	3,50%
Máis de 2000 €	4,14%	3,64%	4,11%	1,70%

Esta tendencia queda patente cando se comparan os salarios medios dos titulados do SUG á súa chegada ao mercado laboral unha vez obtido o título, que se acadaron nos distintos estudos. Esta evolución é crecente, como pode verse na Figura 75, desde os 963,88€ dos titulados do PIL 2001-2003 ata os 1.175,74 € do presente estudo, aínda que parece estancarse neste último ano, xa que salario medio dos titulados do PIL2005-2006 era de 1.171,09€. A explicación deste estancamento pódese atopar na situación económica global, máis que en calquera factor relacionado coa formación dos titulados. A serie de salarios medios foi deflacionada mediante o IPC correspondente a cada período para poder levar a cabo esta comparación.

Figura 75. Salario medio (€) dos titulados do SUG nos distintos estudos de inserción laboral realizados. Serie deflacionada mediante IPC



Formación

A porcentaxe de titulados con outros estudos universitarios ou de posgrao rematados é similar á observada noutros estudos (Táboa 40). En comparación cos anteriores estudos levados a cabo (PIL 2001-2003 e PIL 2003-2005 e PIL 2005-2006), vemos que a porcentaxe de titulados que teñen outra titulación universitaria mantense arredor do 12%, sendo inferior no PIL 2005-2006 e lixeiramente superior no PIL 2001-2003. A distribución segundo a titulación rematada achégase na Táboa 41.

Táboa 40. Outras titulacións universitarias rematadas. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
Outras titulacións rematadas	12,25%	11,2%	12,13%	13,15%
Estudos de posgrao rematados	19,03%	16,63%	20,51%	18,26%

Táboa 41. Distribución por tipo de titulacións rematadas.
Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
Diplomado/enxeñeiro técnico/arquitecto técnico	47,82%	56,58%	44,14%	49,43%
Licenciado/enxeñeiro/arquitecto	38,75%	41,50%	40,90%	43,62%
Titulación propia	15,05%	7,57%	17,67%	6,95%

A porcentaxe de titulados cun *mestrado* ou *posgrao* rematado é superior á dos dous estudos anteriores (PIL2005-2006 e PIL2003-2005), e similar á do PIL2001-2003, como se pode ver na Táboa 42. Débese ter en conta ao analizar este dato que tanto no PIL2001-2003 coma no PIL2003-2005 os titulados obxecto de estudo correspondían a dous cursos académicos, polo que o tempo desde a obtención do título era maior para parte deles. Con todo, este incremento na porcentaxe de titulados cun título de *mestrado* ou *posgrao* no último estudo garda relación coa adaptación dalgúns títulos propios e de doutoramento do SUG a mestrados oficiais, xa no contexto do EEES.

Táboa 42. Distribución por tipo de estudos de posgrao rematados.
Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
Terceiro ciclo	11,12%	14,29%	16,16%	10,26%
Mestrado/posgrao	89,93%	86,29%	84,88%	89,74%

Itinerario académico

A porcentaxe de titulados que volverían cursar estudos universitarios incrementouse un 2% en relación co estudo anterior (Táboa 43). Tamén se observan tendencias positivas na porcentaxe de titulados que repetirían a mesma titulación e que o farían na mesma universidade.

Táboa 43. Repetición do itinerario académico.
Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores

Volvería...	PIL0607	PIL0506	PIL0305	PIL0103
cursar estudos universitarios	88,50%	86,03%	83,52%	84,78%
cursar a mesma titulación	81,02%	80,71%	78,08%	79,93%
cursar a mesma titulación na mesma universidade	89,74%	87,83%	88,42%	87,66%

10.

Anexo II. Cuestionario

06-07

10. Anexo II. Cuestionario

DATOS PERSOAIS

1. Ano de nacemento:

2. Sexo:
   - ☐ Home
   - ☐ Muller

3. Nivel de estudos nai:
   - ☐ Sen estudos
   - ☐ Primarios
   - ☐ Bacharelato/FP
   - ☐ Universitarios medios
   - ☐ Universitarios superiores

4. Nivel de estudos pai:
   - ☐ Sen estudos
   - ☐ Primarios
   - ☐ Bacharelato/FP
   - ☐ Universitarios medios
   - ☐ Universitarios superiores

DATOS ACADÉMICOS E LABORAIS

5. Titulación:_____

6. ¿Era esta titulación a súa primeira opción?

- ☐ Non
- ☐ Si

7. Especialidade da titulación:_____

8. Ano de finalización dos estudos:_____

9. Anos empregados na titulación:_____

10. Nota media aproximada do seu expediente:

☐ Aprobado	[1,2)	[5,7)
☐ Notable	[2,3)	[7,9)
☐ Sobresaínte	[3,4)	[9,10)
☐ Matrícula de Honra	4	10

11. ¿Ten outras titulacións universitarias rematadas?

- ☐ Non (pase á pregunta 13)
- ☐ Si

12. No caso de que teña outras titulacións, ¿de que tipo son?

- 121☐ Diplomado/Enxeñeiro técnico/Arquitecto técnico
- 122☐ Licenciado/Enxeñeiro/Arquitecto
- 123☐ Titulación propia

13. ¿Ten estudos de posgrao rematados?

- ☐ Non (pase á pregunta 16)
- ☐ Si

14. No caso de que teña estudos de posgrao, ¿de que tipo?

- ☐ 3.º ciclo
- ☐ Mestrado/Posgrao

15. Motivo para realizalo:

- ☐ Estar en mellores condicións de atopar emprego
- ☐ Por desenvolvemento ou promoción laboral
- ☐ Por carencias na formación previa
- ☐ Por outras razóns (especifíqueo)_____

16. ¿Prepara oposicións actualmente?
- ☐ Non
- ☐ Si

17. ¿Estuda actualmente?
- ☐ Non (pase á pregunta 20)
- ☐ Si

18. ¿Que tipo de estudos está a cursar?
- ☐ Diplomado/Enxeñeiro técnico/Arquitecto técnico
- ☐ Licenciado/Enxeñeiro/Arquitecto
- ☐ Titulación propia
- ☐ 3.º ciclo
- ☐ Mestrado/Posgrao

19. Motivo para seguir cos estudos:
- ☐ Estar en mellores condicións de atopar emprego
- ☐ Por desenvolvemento ou promoción laboral
- ☐ Por carencias na formación previa
- ☐ Por outras razóns (especifíqueo)_____

20. ¿Traballa actualmente?
- ☐ Non (pase á pregunta 30)
- ☐ Si

21. Provincia:
- ☐ A Coruña (pase á pregunta 23)
- ☐ Lugo (pase á pregunta 23)
- ☐ Ourense (pase á pregunta 23)
- ☐ Pontevedra (pase á pregunta 23)
- ☐ Resto de España
- ☐ Resto da Unión Europea
- ☐ Resto do mundo

22. Motivo de non traballar en Galicia:
- ☐ Non atopar traballo en Galicia
- ☐ Mellor oferta no exterior
- ☐ Razóns persoais
- ☐ Por outras razóns (especifíqueo)_____

23. Tempo que leva no posto de traballo actual, en meses:_____

24. ¿Traballa por conta propia ou por conta allea?
- ☐ Conta propia
- ☐ Conta allea (pase á pregunta 26)

25. Por conta propia, ¿estaba dado de alta?
- ☐ Dado de alta (pase á pregunta 28)
- ☐ Non dado de alta (pase á pregunta 28)

26. Por conta allea,¿fixéronlle contrato?
- ☐ Sen contrato (pase á pregunta 28)
- ☐ Con contrato (pase á pregunta 27)

27. Se lle fixeron contrato, ¿de que tipo?
- ☐ Indefinido
- ☐ Eventual
- ☐ Contrato en prácticas
- ☐ Bolsa
- ☐ Outro

28. Tipoloxía da xornada de traballo:
- ☐ Tempo parcial
- ☐ Xornada completa

29. N.º de empregados da entidade:
- ☐ 0-1
- ☐ 2-9
- ☐ 10-49
- ☐ 50-99
- ☐ 100-149
- ☐ 150-199
- ☐ 200-249
- ☐ 250 ou máis

SOBRE A SÚA ESTADÍA NA ESCOLA/FACULTADE

Valore os seguintes aspectos da súa estadía na universidade:

		1	2	3	4	5
30	Facilitábase a realización de prácticas en empresas					
31	Nos contidos das materias tivéronse en conta os avances e a tecnoloxía predominantes no seu campo					
32	Necesitou apoio externo (academias) nalgunha das materias					
33	O plan de estudos permite rematar a titulación no tempo estipulado					

** Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

		N/A	1	2	3	4	5
34	Unha vez rematado a titulación, precisou da colaboración dalgún profesor no desenvolvemento do seu traballo? Valore de 1 ata 5 a satisfacción coa axuda recibida						
35	¿Realizou prácticas en empresas? Valoración da súa utilidade para a inserción no mundo laboral						

**N/A: Non aplicable. Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

36. Durante a carreira, ¿dedicábase só ao estudo? (exceptuando as prácticas):

- ☐ Estudo a tempo completo (pase á pregunta 39)
- ☐ Compaxinou estudo e traballo

37. No caso de que compaxinase o estudo con algún traballo, ¿de que tipo era? (exceptuando as prácticas):

- ☐ Estudo e algún traballo esporádico
- ☐ Estudo e traballo a xornada parcial
- ☐ Estudo e algún traballo a xornada completa

38. Valore a relación entre esta actividade laboral e os estudos:

	1	2	3	4	5
Relación emprego-estudos					

** Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

SOBRE A BUSCA DE EMPREGO

39. ¿Buscou traballo relacionado coa súa titulación algunha vez ou búscao actualmente?

☐ Non (se á pregunta 20 respostan non pase á pregunta 115 e se respostan si pase á pregunta 40)

☐ Si, pero non o atopei (pase ás preguntas 41-56,59-77 e logo 115)

☐ Si, atopeino (pase á pregunta 41)

40. ¿Está traballando en algo relacionado coa súa titulación?

☐ Non (pase á pregunta 115)

☐ Si (pase á pregunta 78)

Indique o grao de utilización das seguintes vías para a busca de emprego:

		1	2	3	4	5
41	INEM					
42	Servizo Galego de Colocación					
43	OSIX (Oficina de Servizos Integrados para a Xuventude)					
44	Fundación Empresa-Universidade					
45	Ofertas e bolsas de traballo a través da universidade (non OSIX)					
46	Bolsas de traballo doutras institucións/xestionadas por outras institucións					
47	Candidatura espontánea (envío de CV á empresa, chamada ou visita sen saber se existe oferta)					
48	Respondín a un anuncio de traballo de prensa					
49	Puxen anuncios					
50	Presentación a oposición/concurso público					
51	A través dunha empresa de traballo temporal (ETT)					
52	Consultorías					
53	Internet					
54	A través de contactos persoais, familiares ou amizades					
55	Autoemprego					
56	Outras (especifíqueo).....					

** Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

57. A propiciatoria do primeiro emprego foi:

☐ Algunha das anteriores: n.º __

☐ Prolongación de prácticas realizadas durante os estudos
☐ Outras, especifíqueo _____

58. ¿Canto tempo tardou en conseguir o primeiro emprego dende a obtención do título (en meses)?: _____

¿En que grao considera importante, segundo a súa experiencia, os seguintes factores para a obtención un emprego?:

		1	2	3	4	5
59	A titulación estudada					
60	O expediente académico					
61	A especialización na titulación					
62	Cursos de posgrao, máster ou cursos de doutoramento					
63	Experiencia laboral relacionada					
64	Prácticas na mesma empresa					
65	Prácticas noutras empresas					
66	Coñecementos de idiomas					
67	Coñecementos de informática					
68	Actitude durante a entrevista					
69	Resultados de test de selección					
70	Reputación do centro universitario onde estudou					
71	Relacións persoais e do contorno					
72	Ser constante na busca					
73	Ter mobilidade xeográfica					
74	Ausencia de cargas/compromisos familiares					
75	Aproveitar as oportunidades					

** Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

76. ¿Rexeitou algunha oferta de traballo?

761. Se era dos que buscou ou busca traballo pero non atopou:
☐ Non (pase á pregunta 115)
☐ Si (pase á pregunta 77 e logo á pregunta 115)
762. Se era dos que buscou ou busca traballo pero si o atopou:
☐ Non (pase á pregunta 78)
☐ Si

77. Indique os motivos, de entre os seguintes (pode seleccionar máis de 1)

Posto de cualificación inferior ao título	
Posto de cualificación superior ao título	
A modalidade de contratación ofrecida era inadecuada	
Existencia dunha oferta mellor	
Oferta económica inadecuada	
Horario de traballo inadecuado	
Esixencia de cambio de residencia	
Esixencia de dispoñibilidade para viaxar	
O traballo para realizar non lle resultaba atractivo	
Outra (especifíqueo)	

SOBRE A SÚA SITUACIÓN LABORAL ACTUAL

78. Número de empresas/institucións en que traballou dende a obtención da titulación: _____

79. Número de contratos laborais dende que rematou a titulación: _____

80. Salario neto mensual do seu traballo ACTUAL:

- ☐ Menos de 500€
- ☐ 500€-1000€
- ☐ 1000€-1500€
- ☐ 1500€-2000€
- ☐ Máis de 2000€
- ☐ Non sabe/Non contesta

Valore os seguintes aspectos do seu traballo actual:

		1	2	3	4	5
81	O seu posto de traballo é acorde coa titulación/especialidade acadada					
82	Precisou de formación específica (superior a 3 meses) para desenvolver o seu traballo					
83	A súa situación laboral é acorde co esforzo realizado na titulación					

** Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

		N/A	1	2	3	4	5
84	A titulación está ben considerada no ámbito da súa empresa						
85	A escola/facultade está ben considerada no ámbito da súa empresa						
86	Considérase suficientemente valorado na empresa						

** N/A: Non aplica.Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

		1	2	3	4	5
87	Os coñecementos adquiridos durante a titulación fóronlle de utilidade					

** Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

		N/A	1	2	3	4	5
88	Observa posibilidades reais de promoción dentro da empresa						

** N/A: Non aplica.Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

		1	2	3	4	5
89	Considera estable o seu traballo					
90	Considera adecuado o seu actual nivel retributivo					
91	Traballa na zona xeográfica que vostede desexa					

** Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

Valore a importancia dos seguintes aspectos da formación para o desempeño do seu traballo actual:

		1	2	3	4	5
92	Lealdade, honestidade					
93	Capacidade para a aprendizaxe					
94	Motivación					
95	Adaptabilidade					
96	Iniciativa					
97	Pensamento crítico					
98	Creatividade					
99	Capacidade de comunicación oral/escrita					
100	Cultura xeral					
101	Coñecementos teóricos no seu campo					
102	Coñecementos prácticos no seu campo					
103	Capacidade de traballo en equipo					
104	Capacidade de traballo independente					

105	Capacidade de traballo baixo presión					
106	Capacidade de análise					
107	Capacidade de asumir responsabilidades					
108	Capacidade para resolver problemas					
109	Capacidade de planificación, coordinación e organización					
110	Capacidade de liderado					
111	Coñecementos de idiomas					
112	Coñecementos de informática					

** Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

		1	2	3	4	5
113	Coincide a súa liña profesional coas súas expectativas ao inicio da titulación					
114	Considera que sería necesaria máis información, dentro da propia universidade, sobre a busca de emprego					

** Escala de valoración de 1: Nada ata 5: Moito*

115. ¿Volvería cursar estudos universitarios?

☐ Non (fin da enquisa)

☐ Si (pase á pregunta 116)

116. ¿Volvería cursar a súa titulación?

☐ Non (fin da enquisa)

☐ Si (pase á pregunta 117)

117. ¿Volvería cursar a súa titulación na mesma universidade?

☐ Non

☐ Si

II.

Anexo III. Distribución por ramas de coñecemento

06-07

11. Anexo III. Distribución por ramas de coñecemento

Ciencias da Saúde:

- Diplomatura en Enfermaría
- Diplomatura en Fisioterapia
- Diplomatura en Logopedia
- Diplomatura en Podoloxía
- Diplomatura en Terapia Ocupacional
- Licenciatura en Farmacia
- Licenciatura en Medicina
- Licenciatura en Odontoloxía
- Licenciatura en Veterinaria

Ciencias :

- Diplomatura en Óptica e Optometría
- Licenciatura en Bioloxía
- Licenciatura en Ciencias do Mar
- Licenciatura en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos
- Licenciatura en Física
- Licenciatura en Matemáticas
- Licenciatura en Química

Enxeñaría e Arquitectura:

- Arquitectura
- Arquitectura Técnica
- Diplomatura en Náutica
- Enxeñaría Agrónoma
- Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
- Enxeñaría de Minas
- Enxeñaría de Montes
- Enxeñaría Industrial
- Enxeñaría Informática
- Enxeñaría Naval e Oceánica
- Enxeñaría Química
- Enxeñaría de Telecomunicacións
- Licenciatura en Náutica e Transporte Marítimo
- Enxeñaría Técnica Agrícola
- Enxeñaría Técnica Forestal
- Enxeñaría Técnica en Informática
- Enxeñaría Técnica Industrial
- Enxeñaría Técnica Naval
- Enxeñaría Técnica Telecomunicación
- Enxeñaría Técnica de Obras Públicas

Ciencias Sociais e Xurídicas:

Ciencias Sociais e Xurídicas I

- Diplomatura en Ciencias Empresariais
- Licenciatura en Administración e Dirección de Empresas
- Licenciatura en Economía

Ciencias Sociais e Xurídicas II

- Diplomatura en Relacións Laborais
- Licenciatura en Ciencias Políticas e da Administración
- Licenciatura en Dereito

Ciencias Sociais e Xurídicas III

- Diplomatura en Educación Social
- Diplomatura en Traballo Social
- Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e Deporte
- Licenciatura en Pedagoxía
- Licenciatura en Psicoloxía
- Licenciatura en Psicopedagoxía
- Licenciatura en Socioloxía
- Mestre

Ciencias Sociais e Xurídicas IV

- Diplomatura en Turismo
- Diplomatura en Xestión e Administración Pública
- Licenciatura en Comunicación Audiovisual
- Licenciatura en Publicidade e Relacións Públicas
- Licenciatura en Xornalismo

Artes e Humanidades:

Artes e Humanidades I

- Diplomatura en Biblioteconomía e Documentación
- Licenciatura en Belas Artes
- Licenciatura en Documentación
- Licenciatura en Filosofía

- Licenciatura en Historia
- Licenciatura en Historia da Arte
- Licenciatura en Humanidades
- Licenciatura en Xeografía

Artes e Humanidades II

- Licenciatura en Filoloxía
- Licenciatura en Tradución e Interpretación

12.

Anexo IV. Referencias e bibliografía complementaria

06-07

12. Anexo IV. Referencias e bibliografía complementaria

ACSUG (2004): Proxecto de inserción laboral dos titulados polo Sistema Universitario de Galicia 1996-2001 <http://www.acsug.es/galego/webs/publicaciones21.php>

ACSUG (2006): Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2001-2003 <http://www.acsug.es/galego/webs/publicaciones20.php>

ACSUG (2007): A demanda de titulados por parte das pemes galegas <http://www.acsug.es/galego/webs/publicaciones22.php>

ACSUG (2008): Accedendo ao mercado laboral: un estudo por titulacións 1996-2003 <http://www.acsug.es/galego/webs/publicaciones35.php>

ACSUG (2008): Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2003-2005 <http://www.acsug.es/galego/webs/publicaciones36.php>

ACSUG (2009): Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006 <http://www.acsug.es/galego/ webs/publicaciones40.php>

ANECA (2007). Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación. X foro de ANECA: *La Universidad del siglo XXI*.

ANECA (2008). Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación. X foro de ANECA: *Los nuevos títulos de máster y la competitividad en las universidades.*

ANECA (2008). Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación: Los procesos de inserción laboral de los titulados universitarios en España. (2008). ANECA.

AQU CATALUNYA (2003). Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya: Educació superior i treball a Catalunya.

AQU CATALUNYA (2007). Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya: *Educació superior i treball a Catalunya: anàlisi dels factors d'inserció laboral.*

Bancaja – IVIE. Capital Humano. (Marzo 2009): *Distribución geográfica del capital humano de los emprendendores*.

Bancaja – IVIE. Capital Humano. (Junio 2009): *Perspectivas de futuro del capital humano y los emprendedores en España.*

EUA Publications (2007). *Trends V: Universities shaping the European Higher Education Area.*

Fundación CYD (2008): *Barómetro CYD. El papel de la Universidad en España*. Colección de documentos CYD 9/2008.

Ministerio de Educación. Consejo de Coordinación Universitaria (2008). *Datos y Cifras del Sistema Universitario Español. Curso 2006-2007.*

Universidad Carlos III de Madrid. Conclusiones XIII Estudio de Inserción Profesional de los titulados en la Universidad Carlos III de Madrid. Promoción 2007.
<http://www.uc3m.es/portal/page/portal/sopp/Estudio_de_Insercion_Profesional>

Universidade da Coruña. Observatorio Ocupacional (2009). La inserción laboral de los graduados de la Universidad de A Coruña 2006/2007 <http://www.observatorio.udc.es/>

13.

Grupo de traballo

06-07

13. Grupo de traballo

Grupo de Análise Estatística

Pedro Faraldo Roca (director do grupo)
Rosa M. Crujeiras Casais (coordinadora)
Departamento de Estatística e Investigación Operativa
Universidade de Santiago de Compostela

María J. Lombardía Cortiña
Salvador Naya Fernández
Departamento de Matemáticas
Universidade da Coruña

José M. Matías Fernández
Departamento de Estatística e Investigación Operativa
Universidade de Vigo

Verónica Carreira Figueiras
Belén M. Fernández de Castro
Intelixencia de Clientes
Planificación
Caixa Galicia

Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia

José Eduardo López Pereira
Director da ACSUG

M.ª Carmen Fernández Montes
Técnica da ACSUG

Índices de táboas e figuras

06-07

Índice de táboas

Táboa 1. Titulados no SUG no curso académico 2006-2007. Tamaños de poboación e mostra. 23
Táboa 2. Nivel de estudos da nai e do pai. Resultados para o total do SUG. 28
Táboa 3: Distribución dos titulados por anos a maiores empregados na titulación. Resultados para o total do SUG. 32
Táboa 4. Porcentaxes de titulados con estudos de posgrao rematados. Resultados para o total do SUG 39
Táboa 5. Porcentaxe de titulados no SUG que traballa, estuda e/ou prepara oposicións. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 73
Táboa 6. Motivo para continuar estudos. Distribución dos titulados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 75
Táboa 7. Porcentaxes do lugar de traballo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 77
Táboa 8. Motivos para traballar fóra de Galicia. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG 78
Táboa 9. Número de contratos e número de empresas dos titulados no SUG, desde a consecución do título. Media por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 79
Táboa 10. Tempo que leva no posto de traballo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG 81
Táboa 11. N.º de empregados da empresa en que traballa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 83
Táboa 12. Porcentaxe de titulados no SUG en cada tipo de xornada (tempo parcial e tempo completo) dos que traballan por conta allea. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 83
Táboa 13. Modalidades de contratación para os titulados do SUG. 84
Táboa 14. Porcentaxe de titulados no SUG traballando por conta propia e por conta allea. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 86
Táboa 15. Porcentaxe de titulados no SUG dados de alta e non dados de alta, dos que traballan por conta propia. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 86

Táboa 16. Porcentaxe de titulados no SUG con contrato e sen contrato, dos que traballan por conta allea. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 87
Táboa 17. Porcentaxe de titulados no SUG en cada tipo de contrato (indefinido, eventual, prácticas, bolsa, outros) dos que traballan por conta allea. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 87
Táboa 18. Distribución dos titulados no SUG segundo o salario mensual 89
Táboa 19. Distribución dos titulados no SUG segundo o salario mensual. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 90
Táboa 20. Salario medio mensual. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG por sexo. 90
Táboa 21. Grao de adecuación entre o posto de traballo e a titulación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 92
Táboa 22. Necesidades de formación específica. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG 93
Táboa 23. Situación acorde co esforzo realizado. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG 94
Táboa 24. Titulación ben considerada na empresa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 96
Táboa 25. Escola/facultade ben considerada na empresa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 97
Táboa 26. Valorado na empresa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 98
Táboa 27. Os coñecementos adquiridos foron de utilidade. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 99
Táboa 28. Posibilidades de promoción na empresa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 101
Táboa 29. Traballo estable. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 102
Táboa 30. Nivel retributivo adecuado. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 104
Táboa 31. Traballa na zona xeográfica desexada. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG 105
Táboa 32. Porcentaxe de titulados que prepara oposicións (no momento de realización da enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores. 119
Táboa 33. Porcentaxe de titulados que continúa estudos (no momento de realización da enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores 120

Táboa 34. Porcentaxe de titulados que traballa (no momento de realización da enquisa). Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores..... 120
Táboa 35. Tipo de contrato. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores. 121
Táboa 36. Distribución dos titulados segundo o tempo que tardan en atopar emprego despois do título. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores. 122
Táboa 37. Porcentaxe de titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores. 122
Táboa 38. Número de empresas e contratos desde a obtención do título. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores. . 122
Táboa 39. Distribución dos titulados segundo o salario medio mensual. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores. . 123
Táboa 40. Outras titulacións universitarias rematadas. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores. 124
Táboa 41. Distribución por tipo de titulacións rematadas. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores. 125
Táboa 42. Distribución por tipo de estudos de posgrao rematados. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores. . 125
Táboa 43. Repetición do itinerario académico. Resultados para o total do SUG. Comparativa cos estudos anteriores. 125

Índice de figuras

Figura 1. Distribución dos titulados por sexo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 28
Figura 2. Nivel de estudos da nai. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 29
Figura 3. Nivel de estudos do pai. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 29
Figura 4. Titulados que cursaron a titulación elixida como primeira opción. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 31
Figura 5. Anos a maiores na titulación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 32
Figura 6. Nota media do expediente. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 33
Figura 7. Outras titulacións universitarias rematadas. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 38
Figura 8. Tipos de titulacións universitarias rematadas. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 38
Figura 9. Estudos de posgrao rematados. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 39
Figura 10. Tipos de estudos de posgrao rematados. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 40
Figura 11. Motivos para cursar un posgrao. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 41
Figura 12. Nos contidos das materias, tivéronse en conta os avances e a tecnoloxía predominantes no seu campo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 42
Figura 13. Valoración do grao de necesidade de apoio externo (academias) nalgunha das materias. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 42
Figura 14. O plan de estudos permite rematar a titulación no tempo estipulado. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 43
Figura 15. Unha vez rematada a titulación, precisou da colaboración dalgún profesor. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 44
Figura 16. Grao de satisfacción coa colaboración do profesor, unha vez rematada a titulación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 45
Figura 17. Facilitábase a realización de prácticas en empresas. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 46
Figura 18. Realización de prácticas en empresas. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 47

Figura 19. Utilidade das prácticas en empresas no proceso de inserción laboral. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 48
Figura 20. Titulados que estudaron a tempo completo e que compaxinaron estudo e traballo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 49
Figura 21. Tipo de traballo co que compaxinaron os estudos. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 49
Figura 22. Relación do traballo durante os estudos coa titulación cursada. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG..... 50
Figura 23. Titulados que buscaron traballo relacionado coa súa titulación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG..... 53
Figura 24. Utilización das vías de busca. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 1..... 54
Figura 25. Utilización das vías de busca. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 2..... 55
Figura 26. Utilización das vías de busca. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 3..... 55
Figura 27.Vía propiciatoria do primeiro emprego. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG..... 56
Figura 28. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para o total do SUG..... 57
Figura 29. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Ciencias da Saúde. 58
Figura 30. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Ciencias..... 59
Figura 31. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Enxeñaría e Arquitectura. 59
Figura 32. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas I. 60
Figura 33. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas II. 60
Figura 34. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas III. 61
Figura 35. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Ciencias Sociais e Xurídicas IV. 61
Figura 36. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Artes e Humanidades I..... 62
Figura 37. Efectividade das vías de busca de emprego. Resultados para os titulados de Artes e Humanidades II..... 62
Figura 38. Tempo en atopar emprego. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 63

Figura 39. Tempo medio, en meses, en atopar emprego. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 64
Figura 40. Factores valorados na contratación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 1..... 65
Figura 41. Factores valorados na contratación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 2..... 65
Figura 42.Factores valorados na contratación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. Parte 3..... 66
Figura 43. Titulados que rexeitaron algunha oferta de traballo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG..... 67
Figura 44. Motivos para rexeitar unha oferta de traballo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 68
Figura 45. Porcentaxe de titulados que prepara oposicións. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 72
Figura 46. Porcentaxe de titulados que continúa estudos. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 72
Figura 47. Tipo de estudos en que continúa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 74
Figura 48. Motivos para continuar estudos. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 74
Figura 49. Titulados que están traballando. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 76
Figura 50. Lugar de traballo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG..... 76
Figura 51. Motivos para traballar fóra de Galicia. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG..... 78
Figura 52. Número de empresas e contratos. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 80
Figura 53. Tempo que leva no posto de traballo. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG..... 80
Figura 54. Nº de empregados da empresa en que traballa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 82
Figura 55. Tipo de xornada laboral. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG..... 84
Figura 56. Modalidades de contratación para os titulados do SUG. 85
Figura 57.Distribución dos titulados segundo o salario. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 88
Figura 58. Posto de traballo acorde coa titulación. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 91
Figura 59. Necesidade de formación específica. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG..... 93
Figura 60. Situación acorde co esforzo realizado. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG..... 94

Figura 61. Titulación ben considerada na empresa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 95
Figura 62. Escola/facultade ben considerada. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 96
Figura 63. Valorado na empresa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 98
Figura 64. Os coñecementos adquiridos foron de utilidade. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 99
Figura 65. Posibilidades de promoción na empresa. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 100
Figura 66. Traballo estable. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 101
Figura 67. Nivel retributivo adecuado. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 103
Figura 68. Zona xeográfica. Resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG. 104
Figura 69. Competencias requiridas. Resultados para o total do SUG. . 106
Figura 70. Competencias requiridas. Resultados para as ramas de Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura e para o total do SUG. 107
Figura 71. Competencias requiridas. Resultados para as ramas de Ciencias Sociais e Xurídicas I, II, III e IV, e para o total do SUG..... 108
Figura 72. Competencias requiridas. Resultados para as ramas de Artes e Humanidades I e II, e para o total do SUG. 109
Figura 73. Cumprimento das expectativas profesionais ao inicio da carreira, e necesidade de máis orientación laboral. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG..... 110
Figura 74. Repetición do itinerario académico. Resultados por rama de coñecemento e para o total do SUG. 111
Figura 75. Salario medio (€) dos titulados do SUG nos distintos estudos de inserción laboral realizados. Serie deflacionada mediante IPC. 124

Colabora:

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de Formación e Colocación

ISBN: 978-84-614-0575-6